Resolución reitoral do 19 de xuño de 2025 pola que se publica a convocatoria de matrícula para o curso académico 2025/2026

En uso das atribucións conferidas nos Estatutos da Universidade, esta Reitoría resolve publicar a convocatoria de matrícula en estudos universitarios oficiais de grao, máster universitario, doutoramento e en titulacións propias impartidas na universidade para o curso académico 2025 /26, acorde ás seguintes:

I. NORMAS XERAIS

As normas incluídas neste título así como as incluídas no título VI sobre prezos, no título VII de outras disposicións xerais e nos Anexos I, II e III son aplicables aos estudos impartidos na Universidade de Santiago de Compostela (USC) que figuran no Anexo VII, sen prexuízo da preeminencia das normas específicas aplicables a cada tipo de estudos incluídas nos seus títulos correspondentes.

Consonte ao modelo de xestión académica única que pretende a USC, as normas previstas nesta convocatoria terán carácter subsidiario para outros servizos académicos e calquera dos estudos conducentes a títulos e diplomas impartidos na USC.

1. RÉXIMES DE MATRÍCULA

A regulación e efectos dos estudos cursados, así como os prezos a aboar están determinados polo réxime de matrícula ao que se acolla o estudantado.

1.1. MATRÍCULA ORDINARIA

Considérase matrícula ordinaria a de quen pretende iniciar ou continuar estudos para a obtención dalgunha das titulacións oficiais e propias impartidas na USC.

1.2. MATRÍCULA EXTRAORDINARIA

Matrícula extraordinaria é a matrícula que non dá dereito á obtención de ningún título oficial nin propio, e que pode ser realizada por calquera persoa independentemente da titulación que se posúa.

Esta matrícula estará suxeita a autorización previa, tramitándose as solicitudes a través do Servizo de Xestión Académica.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Na solicitude, a persoa interesada deberá indicar as materias concretas que desexa cursar, os motivos da súa solicitude, e axuntar un breve currículo académico e profesional.

A solicitude deberá presentarse antes do inicio das actividades académicas.

1.3. MATRÍCULA DO ESTUDANTADO VISITANTE

Poderá formalizar matrícula como estudantado visitante aquela persoa procedente doutras universidades nacionais ou estranxeiras que non se acolla a programas de intercambio.

Na solicitude, a persoa interesada deberá indicar as materias concretas que desexa cursar, os motivos da súa petición, a universidade de orixe e os estudos cursados. Esta solicitude tramitarase a través do Servizo de Xestión Académica.

A solicitude deberá presentarse antes do inicio das actividades académicas.

A través do Programa de Cursos Internacionais – USC, poderanse admitir en calquera momento do curso como estudantado visitante ás persoas inscritas en dito programa.

Sen prexuízo do seu réxime específico, o estudantado visitante terá os mesmos dereitos que o estudantado matriculado en réxime ordinario.

1.4. MATRÍCULA EN PROGRAMAS DE INTERCAMBIO

Tanto o da USC como doutras universidades que curse estudos ao abeiro dun programa de mobilidade deberá formalizar a matrícula antes do inicio das actividades académicas en réxime de intercambio, acorde ao disposto nesta convocatoria e ao resto da normativa da USC.

Para os efectos do disposto nesta convocatoria considerase estudantado de intercambio só o que en réxime de reciprocidade e procedente dunha institución de educación superior allea, cursa estudos na USC por un período de tempo determinado e conta cun contrato de recoñecemento de estudos asinado pola institución de orixe e a USC. A persoa que curse estudos na USC a través de convenios sen contrato ou compromiso de recoñecemento de estudos formalizado (learning agreement) será considerado como estudantado visitante.

O estudantado vinculado a un programa interuniversitario disporá das convocatorias de exame establecidas nesta convocatoria.

1.5. MATRÍCULA EN ESTUDOS CON DOCENCIA HÍBRIDA E VIRTUAL

Con carácter xeral os sistemas de acceso nas titulacións ofertadas en modalidade híbrida e virtual serán os mesmos que para as titulacións ofertadas en modalidade presencial e será de aplicación o Regulamento das modalidades híbrida e virtual nas titulacións de grao e mestrado universitario aprobado por Acordo do Consello de Goberno de 23 de febreiro de 2023.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

No caso de titulacións con dobre modalidade, o cambio dunha modalidade a outra deberá solicitarse a través da Sede Electrónica dentro do prazo xeral de matrícula do primeiro semestre. A aceptación do cambio de modalidade estará supeditada á organización do centro, ordenándose as solicitudes atendendo á nota media do expediente.

1.6. ESTADÍAS EN GRAO E MÁSTER

Poderase admitir estudantado para cursar estadías de grao e máster, previo informe favorable do Centro correspondente, por un período máximo dun curso académico.

A estadía devindicará os prezos que fixe anualmente o Consello Social, debendo aboar ademais o seguro ou seguros que procedan.

O estudantado matriculado nas estadías establecidas neste apartado, terá dereito a un certificado no que consten os seguintes datos:

- Título da estadía

- Lugar

- Datas da estadía

- Profesor responsable

- Informe favorable ou desfavorable do responsable da estadía

Terán a consideración de estadías as prácticas a través de Convenios Internacionais recollidas no apartado 8.3 desta convocatoria.

1.7. RECOÑECEMENTO DE ESTUDOS PREVIOS EN RÉXIME DE INTERCAMBIO OU ESTUDANTADO VISITANTE

Os estudos realizados nesta Universidade a través de programas de intercambio universitario e de mobilidade estudantil que figuren no compromiso de estudos, así como os realizados a través da figura de estudantado visitante, recoñeceranse plenamente no caso de que a persoa interesada acceda posteriormente aos devanditos estudos tras superar os procesos de ingreso establecidos pola lexislación vixente, sempre que reunira os requisitos de acceso para cursar os estudos obxecto de recoñecemento no momento de cursalos.

O recoñecemento posterior de estudos realizados nesta Universidade a través de programas de intercambio universitario e de mobilidade estudantil, así como os realizados a través da figura de estudantado visitante, consistirá unicamente na inscrición dos estudos cursados no expediente correspondente aos estudos aos que accedeu como estudantado ordinario.

Este trámite realizarase a petición da persoa interesada e non devindicará prezos. No expediente figurará como data de efectos dos estudos recoñecidos o curso da inscrición destes.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

No caso de que a persoa ademais solicite recoñecemento de estudos realizados na universidade de orixe, esta solicitude tramitarase polo procedemento xeral de recoñecementos, devindicando os prezos establecidos.

A persoa á que lle sexa de aplicación o disposto neste apartado 7 terá a consideración de estudantado de continuación para os efectos de poder cursar as materias sen docencia ofertadas para persoas matriculadas o ano anterior.

2. MODALIDADES DE MATRÍCULA

2.1. MATRÍCULA A TEMPO COMPLETO

As persoas que inicien estudos en ensinanzas de grao e máster a tempo completo deberán matricularse de 60 ECTS, ou do número de ECTS equivalentes a un curso.

A matrícula en tutela académica de doutoramento considérase matrícula a tempo completo e equivalente a 60 ECTS.

2.2. MATRÍCULA A TEMPO PARCIAL EN ESTUDOS DE GRAO E MÁSTER

As persoas que por circunstancias acreditadas pretendan realizar estudos a tempo parcial poderán matricularse do 50% dos ECTS establecidos, a escoller entre os ofertados no primeiro curso, ou o número máis próximo a esta cifra en función dos créditos das materias en que se matriculen.

Como criterio xeral, a modalidade elixida manterase durante todo o curso académico.

As persoas matriculadas en titulacións nas que a modalidade de impartición sexa híbrida ou virtual, no caso de que se autorice a modalidade a tempo parcial o número mínimo de créditos nos que se teñen que matricular é de 15 ECTS.

O estudantado matriculado nun programa de dobre itinerario ou simultaneidade de estudos non poderá acollerse á modalidade de matrícula a tempo parcial, agás aquel estudantado que teña concedida adaptación dos itinerarios curriculares.

Inicialmente, o número máximo de persoas ás que se lles poderá autorizar matrícula a tempo parcial será do 15% das prazas ofertadas para o primeiro curso. Se o número de estudantado matriculado é inferior ao de prazas ofertadas, autorizarase o 15% do número de matriculados.

A modalidade a tempo parcial só poderá solicitarse cando concorran circunstancias de orde laboral ou persoal que así o aconsellen. En atención a condicións de discapacidade, e para aquel que debido a súa situación persoal só poida asumir un número inferior de créditos para obter taxas de éxito razoables, tamén se poderá autorizar a opción de matrícula a tempo parcial.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Para xustificar esta petición poderá presentarse o contrato de traballo achegando a última nómina e a alta na seguridade social, certificado de discapacidade expedido polo órgano competente, ou xustificante que acredite suficientemente a concorrencia dunha situación persoal excepcional.

A solicitude presentarase no Centro ou na Comisión Académica correspondente á titulación durante o prazo xeral de matrícula e de modificación do primeiro semestre, debendo acreditar os motivos polos que se solicita esta modalidade e indicando as materias das que quere quedar matriculado. A selección realizarase polo Centro ou pola Comisión Académica da titulación, de acordo con criterios que deberán facerse públicos e que terán en conta as causas acreditadas que impidan realizar os estudos a tempo completo e a nota media do expediente académico. O resultado da selección publicarase, notificarase ás persoas interesadas e daráselle traslado á Unidade de Xestión Académica (UXA) correspondente, xunto coa relación de materias nas que debe quedar matriculado o estudantado, para proceder ao axuste da matrícula antes do remate do prazo de modificación de matrícula do primeiro semestre. A UXA notificará á persoa interesada a inscrición realizada, así como a liquidación de prezos definitiva.

Se corresponde que se estableza unha ordenación temporal nos estudos, a matrícula deberá incluír os módulos, materias ou créditos que se determinen na oferta de estudos.

2.3. MATRÍCULA DE INICIO DE ESTUDOS

O estudantado inscrito na modalidade a tempo completo deberá formalizar a matrícula no número de ECTS que constitúa a oferta do primeiro ano.

A relación de titulacións e prazas para inicio de estudos recóllense no Anexo VI.

2.4. MATRÍCULA DE CONTINUACIÓN DE ESTUDOS

Poderá formalizar matrícula para continuar estudos na mesma titulación quen estivera matriculado nesta universidade no curso ou cursos anteriores e cumpra os requisitos establecidos nas Normas de Permanencia nas titulacións de Grao e Máster e o Acordo de Consello de Goberno do 10 de marzo de 2016 .

As persoas procedentes doutras universidades deberán cumprir os requisitos establecidos no Acordo do Consello de Goberno do 27 de maio de 2010 e presentar unha solicitude para ser admitidos para continuar estudos nesta Universidade, tanto nas titulacións con límite como sen el, nos prazos establecidos na convocatoria ao efecto.

O estudantado que desexe continuar estudos poderá formalizar a matrícula en calquera materia do plan de estudos de acordo coa ordenación temporal que este estableza, sempre que non incorra nalgún dos supostos de impedimento de matrícula establecidos nesta convocatoria e no plan de estudos.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

O estudantado de grao e máster que continúa os seus estudos con materias suspensas deberá matricularse, en primeiro lugar, de todas as materias pendentes dos cursos anteriores, de forma que non poderá matricularse de materias novas se ten materias pendentes que sumen 75 ou máis créditos. No cómputo dos 75 ECTS non se terán en conta os créditos do Traballo Fin de Grao ou Traballo Fin de Máster no que se inscriba o estudantado.

A relación de titulacións e prazas para continuación de estudos recóllense no Anexo VI.

2.4.1. Programas conxuntos de estudos oficiais

O estudantado da USC ao que se lle recoñeza un mínimo de 30 ECTS nalgunha das titulacións que forman un programa de dobre itinerario ou de simultaneidade de estudos poderá solicitar continuar estudos no programa de dobre titulación correspondente, de acordo co establecido no apartado 19 desta convocatoria.

3. DEREITOS E DEBERES

Sen prexuízo de calquera outro dereito ou deber legalmente establecido, a matrícula realizada de acordo coas presentes normas supón:

- O dereito de asistencia e participación en todas as actividades formativas e a ser avaliado de acordo cos criterios establecidos ao efecto. Así mesmo implica o deber de asistencia e realización das actividades formativas que se establezan como obrigatorias na programación docente de conformidade co artigo 130 Estatutos da USC e o artigo 10 do Estatuto do Estudantado.

- De conformidade cos Estatutos da USC e co Regulamento de asistencia a clase nas ensinanzas oficiais de grao e máster da Universidade de Santiago de Compostela, o estudantado poderá solicitar, ao principio de curso ou do semestre e nas datas establecidas por cada Centro ou, posteriormente, de concorrer causas imprevisibles e sobrevidas, a dispensa de asistencia á clase, mediante solicitude motivada ante a dirección do centro, que deberá acompañar dos documentos acreditativos que correspondan.

No caso de non ser aceptada a dispensa, o estudantado poderá optar por formular unha solicitude de cambio a dedicación parcial nos seus estudos perante o Servizo de Xestión Académica.

O estudantado que se atope nunha das causas establecidas no regulamento para a solicitude de dispensa poderá solicitar simultaneamente o cambio de grupo. Só no caso de non obter a dispensa, valorarase a solicitude de cambio de grupo.

O estudantado con necesidades educativas especiais poderá optar por solicitar unha planificación e seguimento da súa actividade académica que estea adaptada as súas necesidades ou solicitar a dispensa a clase e establecer a adaptación para o sistema de avaliación.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

- O dereito a concorrer no curso ás convocatorias dos procesos de avaliación que se determinen de acordo cos calendarios fixados polos centros e acorde ao Regulamento de asistencia a clase nas ensinanzas oficiais de grao e máster da Universidade de Santiago de Compostela.

- A obtención da Tarxeta Universitaria de Identificación (TUI) que permite o acceso aos servizos e instalacións da USC acorde a súa normativa.

- O dereito a participar na vida académica de acordo co establecido nos Estatutos da USC.

- O deber de efectuar o pagamento das tarifas por servizos académicos e o resto das tarifas, agás que se teña dereito a exención ou bonificación, e do seguro escolar ou obrigatorio, segundo proceda.

- A persoa con máis dunha nacionalidade terá o deber de declaralas todas e, cando corresponda que unha delas sexa a española, utilizar esta nas súas relacións administrativas e académicas coa universidade.

4. PRAZOS, ESTADOS E EFECTOS DA MATRÍCULA

A matrícula e as súas modificacións axustaranse aos prazos establecidos no Anexo I.

A eficacia da matrícula está condicionada á verificación dos datos declarados, aos requisitos de admisión establecidos na USC e ao pagamento dos prezos públicos correspondentes. A falta de pagamento implicará a suspensión de matrícula e o mantemento da débeda contraída.

A matrícula entenderase:

Activa. Cando se comprobe que a persoa interesada reúne os requisitos de acceso aos estudos e que ten efectuado o pagamento das tarifas. Este estado da matrícula outorgará plenos dereitos ao .

Suspendida. A matrícula declararase suspendida cando, requiridos formalmente, non se presenten os documentos considerados non esenciais ou cando se teña algún pagamento pendente sen prexuízo do establecido no procedemento de recadación de débedas.

As notificacións de falta de documentación durante o procedemento de recoñecemento de títulos estranxeiros de acceso, suspenderán tamén a matrícula que puidera realizar a persoa interesada. De non presentar a documentación requirida procederase ao arquivo da solicitude de recoñecemento do nivel de estudos e á anulación de matrícula sen dereito á devolución de prezos aboados.

Este estado supón a limitación de dereitos tales como o acceso ao expediente, a modificación da matrícula, renuncia ás convocatorias, expedición de certificados, traslados a outras universidades, expedición do título, a posibilidade de matricularse noutros estudos da USC, etc.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Anulada.- A matrícula anulada supón o arquivo da mesma, a perda total da súa eficacia e a anulación de todos os actos derivados da mesma, coa excepción, cando corresponda, dos supostos de débeda/s contraída/s.

Efectos económicos da anulación de matrícula.- En xeral, a anulación implica o pagamento das tarifas de secretaría, ademais:

- Se a anulación se produce no prazo de desistencia establecido no Anexo I, devolveranse os importes aboados en concepto de servizos académicos.

- Se a anulación se produce por causa xustificada e acreditada documentalmente antes do 1 de novembro de 2025 ou da data fixada polo Decreto de Prezos Públicos para o curso 2025 /26, no caso de que estableza unha data distinta, devolveranse os importes aboados en concepto de servizos académicos.

- Se a anulación se produce con posterioridade á devandita data deberá aboar os servizos académicos prestados. A resolución de anulación determinará os importes que proceda aboar ou devolver, de ser o caso.

A anulación de matrícula poderá ser de oficio ou a petición da persoa interesada:

Anulación de oficio

- Por non achegar documentación esencial para a matrícula, os datos de estudos de acceso ou outros requisitos ou datos esenciais que non poidan ser comprobados por outros medios.

- Nos procesos selectivos de admisión, cando os datos declarados polo solicitante non sexan certos ou non se acheguen documentos esenciais para verificar os datos declarados despois do requirimento correspondente, sempre que non poidan ser comprobados por outros medios.

- Cando se estean a simultanear estudos sen cumprir os requisitos.

Considéranse documentos esenciais aqueles que habilitan para o acceso aos estudos que se pretenden realizar, especificados no Anexo III desta convocatoria, nos plans de estudo, ou cando se requira, a acreditación dun nivel de idioma para acceder.

Desistencia a petición da persoa interesada

- Por desistencia solicitada no prazo establecido. Neste caso concederase de forma automática sen que sexa preciso xustificar unha causa.

- Por ser admitido para cursar outros estudos universitarios. Neste caso concederase sempre que se solicite e se xustifique a admisión antes do inicio do primeiro período de avaliación.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

- Por causas excepcionais, acreditadas documentalmente, que impidan realizar os estudos. Presentadas as alegacións e a documentación suficientemente acreditativa na que se sosteñan, concederase ou denegarase a anulación de matrícula.

5. LUGARES E SISTEMAS DE MATRÍCULA

O estudantado de ensinanzas de Grao e Máster, Doutoramento e Estudos Propios realizará tanto a matrícula como calquera outro trámite ou solicitude de xestión académica acorde ao establecido nos apartados seguintes.

O resto de estudos impartidos na USC rexeranse a este respecto polas súas convocatorias específicas.

Con carácter xeral a matrícula deberá cubrirse por medios electrónicos na Secretaría Virtual.

Matrícula Presencial

Con respecto a todas as titulacións oficiais ou propias reguladas nesta convocatoria, se por algunha causa non se puidese realizar a matrícula por internet, formalizarase na Unidade de Xestión Académica correspondente.

6. PETICIÓNS E TRÁMITES EN MATERIA DE XESTIÓN ACADÉMICA

A solicitude asinada polo estudantado implica aceptar as bases da presente convocatoria, que todos os datos que se incorporaron se axustan á realidade, e que en caso de requirir documentación complementaria doutras administracións ou a súa verificación para a tramitación da mesma, autoriza á USC a obter a información necesaria, agás oposición expresa.

As solicitudes do estudantado presentaranse preferentemente por medios electrónicos nos procedementos que determine a USC, ben a través da Secretaría Virtual ou polos formularios accesibles por vía telemática a través da sede electrónica da USC (https://sede.usc.es/sede/publica/index.htm) no apartado correspondente aos Procedementos de Xestión Académica de acordo co establecido no Regulamento de transformación dixital, administración electrónica e desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación.

Unha vez cuberta a solicitude, deberá ser asinada pola persoa interesada por calquera dos sistemas de sinatura electrónica autorizados na normativa da USC.

Os trámites e a presentación da documentación que non se poidan realizar neste momento a través da Sede Electrónica da USC ou directamente na Secretaría Virtual, deberán facerse na Unidade de Xestión Académica que corresponda.

6.1. DOCUMENTACIÓN E NOTIFICACIÓNS

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Cando os documentos necesarios para acreditar os requisitos estean en poder da Administración Universitaria ou poidan ser obtidos pola universidade a través de plataformas de intermediación ou servizos electrónicos habilitados para este efecto e sempre que o estudantado non se opoña ao seu tratamento, non será necesario que o estudante presente estes documentos.

Fóra destes supostos, a falta de documentación ou a non verificación dos datos polos que se autorizou a matrícula, dará lugar ao inicio do procedemento de anulación recollido no apartado 4. A documentación necesaria de matrícula é a que se relaciona nos Anexos II e III.

É obriga do estudantado manter actualizada na Sede a conta de correo electrónico e o número de teléfono móbil, segundo se establece no Regulamento da Universidade de Santiago de Compostela polo que se regulan as notificacións electrónicas obrigatorias.

A notificación de todos os actos, tanto de trámite como definitivos incluíndo os requirimentos necesarios aos solicitantes e a publicación das listaxes de adxudicación de prazas, efectuaranse no taboleiro de anuncios oficial da Sede Electrónica da USC e mediante comparecencia en sede na dirección https://sede.usc.es/sede/publica/index.htm.

6.1.1. Presentación de documentos acreditativos de requisitos.

No caso de que a persoa interesada se opoña ao tratamento destes datos ou estes non se poidan obter a través das plataformas de intermediación ou tamén no caso de que por problemas técnicos non se poida obter a información, os documentos necesarios para a matrícula deberán presentarse ou anexarse dixitalmente na súa Secretaría Virtual no momento da súa formalización, no prazo de 10 días desde o día seguinte ao da realización da matrícula ou de ser o caso no prazo establecido no requirimento correspondente.

Os documentos deben reunir os requisitos recollidos na Instrución 2/2008 da Secretaría Xeral da USC do 19 de febreiro de 2008 así como os que se detallan na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Calquera omisión ou falsidade na declaración dos datos da titulación de acceso ou do expediente académico poderá dar lugar á exclusión do proceso de adxudicación de prazas ou, cando proceda, á anulación da matrícula.

6.1.2. Documentación en procesos selectivos

Considéranse procesos selectivos para os efectos do disposto neste apartado todos os procedementos de adxudicación de prazas para iniciar ou continuar estudos tanto con límite ou sen el e independentemente de que rematado o prazo de solicitude resultasen prazas vacantes.

En todos os procesos selectivos o procedemento basearase na declaración responsable de datos efectuada pola persoa solicitante. A admisión e a matrícula quedarán condicionadas á acreditación e verificación do cumprimento dos requisitos.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Sempre que non se poida obter a través de plataformas de intermediación ou no caso de que a persoa interesada se opoña ao seu tratamento, a documentación necesaria para cada proceso selectivo deberá presentarse ou anexarse de forma dixitalizada no prazo dos dez días seguintes ao de formalizar a solicitude de praza ou de realización da matrícula segundo proceda ou no prazo establecido na convocatoria específica, sendo suficiente notificación para estes efectos a información que figura na Secretaría Virtual respecto da documentación que se debe presentar. No caso de que a persoa interesada teña que presentar ou anexar documentación e non o fixera, será excluído do proceso de adxudicación de prazas.

Cursos Complementarios (Cursos Ponte).- As persoas solicitantes que cursaron estudos noutra universidade deberán presentar ou anexar dixitalmente coa solicitude unha certificación académica coa media do expediente en base 10 na que deberán figurar:todas as materias cursadas, os créditos de cada materia (ou cando corresponda en plans non estruturados en créditos o carácter anual ou cuadrimestral da materia), as cualificacións, e unha fotocopia do título ou da certificación supletoria que acredite que efectuou o depósito do título.

Continuación de Estudos en Titulacións con Cota.- Para continuar os estudos xa iniciados noutra universidade, os solicitantes deberán declarar os datos académicos de acceso e os estudos universitarios cursados e presentar ou anexar dixitalmente dentro do prazo de solicitudes previsto na súa convocatoria específica a documentación acreditativa do acceso así como a certificación académica completa dos estudos cursados coa nota media do expediente en base 10, na que se inclúan todas as materias superadas e as súas correspondentes cualificacións. Nesta certificación deberán figurar as cualificacións obtidas na primeira convocatoria ordinaria do curso 2024/25 agás que se acredite non estar matriculado nese curso académico.

De non poder presentar o certificado académico ou copia do mesmo por causa imputable á universidade de orixe admitirase, de xeito excepcional, un expediente informativo, previa xustificación da imposibilidade manifestada. A falsidade ou ocultación dos datos dará lugar á anulación da adxudicación da praza ou da posterior matrícula, independentemente doutras medidas que poidan proceder.

Para a valoración dos recoñecementos so se terá en conta a certificación académica achegada no período de solicitudes.

Máster Universitario - Criterios Xerais e Específicos.- Para todo o estudantado da USC matriculado no curso académico 2024/25 que estea en condicións de rematar a titulación que lle dea acceso ao máster na convocatoria de xullo, a efectos de adxudicación de prazas, terase en conta a valoración do expediente establecida no apartado 36.

No caso de másteres con criterios específicos, para solicitar a admisión a persoa interesada deberá cubrir os datos na Secretaría Virtual no prazo establecido no Anexo I e achegar a documentación acreditativa dos méritos para a valoración dos criterios. Entenderase que a persoa solicitante que non envíe ningunha documentación desexa ser valorada unicamente polo expediente académico do que dispón a USC, ou do declarado na solicitude.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria.- Os solicitantes de praza no Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria procedentes doutras universidades españolas deberán presentar ou anexar dixitalmente a certificación da súa universidade de orixe respecto do cumprimento por parte da persoa interesada dos requisitos académicos para o acceso a este Máster, segundo o modelo oficial común.

Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas.- A persoa solicitante deberá presentar ou anexar dixitalmente a acreditación do nivel B1 ou superior de coñecemento dunha lingua estranxeira.

Esta acreditación deberá presentarse ou anexarse dixitalmente no prazo de formalización da matrícula da persoa interesada.

Validación parcial de estudos estranxeiros.- Para a valoración dos recoñecementos so se terá en conta a certificación académica achegada no período de solicitudes.

6.1.3. Resolución de recoñecemento de equivalencia do nivel de formación de estudos para o ingreso en estudos de Máster, Doutoramento ou Títulos Propios da USC

O estudantado cuxa inscrición estea condicionada a un recoñecemento de equivalencia do nivel de estudos cursados deberá solicitar este recoñecemento no momento de realizar a matrícula ou no prazo de 10 días, a contar desde o día seguinte ao da súa formalización.

6.1.4. Inscrición no Prácticum e prácticas en empresas en contacto con menores

A Lei orgánica 1/1996, de protección xurídica do menor, modificada pola Lei 26/2015 e a Lei 45 /2015 de voluntariado establece a obriga de que se acheguen certificados negativos do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais para todos os profesionais e voluntarios que traballen en contacto habitual con menores. Para dar cumprimento a dita normativa e sempre que o que pretenda matricularse en materias con contido práctico, en materias de prácticas (Prácticum) e nas prácticas en empresas e institucións en contacto con menores, non se opoña ao seu tratamento, a Universidade poderá obter este dato a través de plataformas de intermediación. No caso de que o se opoña a este tratamento, deberá achegar dita certificación, podendo anexala de forma dixitalizada na súa Secretaría Virtual no momento de formalizar a matrícula ou con posterioridade, neste último caso deberá presentarse cunha antelación mínima de 15 días naturais ao inicio das citadas prácticas. A información sobre esta certificación pode obterse na ligazón:

http://www.mjusticia.gob.es/cs/Satellite/Portal/es/ciudadanos/tramites-gestiones-personales/certificado-delitos

Se a persoa interesada é estranxeira ou ten outra nacionalidade ademais da española, deberá presentar, a parte do certificado emitido polo Rexistro Xeral de Delincuentes Sexuais, un certificado de antecedentes penais emitido polo seu país de orixe ou da súa nacionalidade.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Para estes efectos as persoas interesadas con nacionalidade española que naceran no estranxeiro, deberán entregar, no seu caso, unha declaración xurada de que non posúen outra nacionalidade á parte da española.

Na páxina web do Servizo de Xestión Académica pode consultarse a información sobre este certificado e a listaxe de materias nas que é preciso presentalo.

De non cumprir o requisito non poderá realizar as prácticas.

A efectividade deste documento finaliza ao rematar cada curso académico, polo que se nos cursos académicos seguintes o estudantado se volve a matricular en materias de contido práctico ou en materias de prácticas (Prácticum) ou en prácticas en empresas e institucións en contacto con menores deberá presentar unha nova certificación actualizada.

6.1.5. Compromiso de confidencialidade do estudantado de titulacións relacionadas coas ciencias da saúde

Todo aquel estudantado ao que se refire o Protocolo mediante o que se determinan pautas básicas destinadas a asegurar e protexer o dereito á intimidade do paciente polos alumnos e residentes en ciencias da saúde da Comisión de Recursos Humanos do Sistema Nacional de Saúde, ten a obriga de subscribir un compromiso de confidencialidade que se establece no Anexo I do citado protocolo. Este documento poderase anexar de forma dixitalizada na secretaría virtual antes do inicio da actividade.

6.1.6. Necesidade de facilitar o NUSS para a realización de prácticas formativas

Tras a entrada en vigor da Disposición adicional 52ª do Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social sobre a inclusión no sistema da Seguridade Social de alumnos que realicen prácticas formativas ou prácticas académicas externas incluídas en programas de formación, o estudantado que se matricule en materias de prácticas, tanto curriculares como extracurriculares deberá indicar a través da Secretaría Virtual o seu Número de Seguridade Social (NUSS). No caso de non dispoñer do NUSS, deberá solicitalo. Se o estudantado non se opón ao seu tratamento, a universidade poderá obter ese dato a través de plataformas de intermediación de datos ou servizos electrónicos habilitados para este efecto. No caso de que o estudantado se opoña a este tratamento, deberá achegar dita acreditación, podendo anexala de forma dixitalizada na súa Secretaría Virtual no momento de formalizar a matrícula ou con posterioridade, neste último caso deberá presentarse cunha antelación mínima dun mes ao comezo das prácticas.

De non cumprir con este requisito en prazo, non poderá realizar as prácticas.

7. IMPEDIMENTOS DE MATRÍCULA

7.1. IMPEDIMENTOS DERIVADOS DO PLAN DE ESTUDOS OU MEMORIA DA TITULACIÓN

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Ademais dos requisitos e limitacións establecidos nesta convocatoria, a matrícula deberá axustarse ás condicións particulares que fixe cada plan de estudos ou a memoria de verificación da titulación.

As licenciadas e licenciados, enxeñeiras e enxeñeiros, arquitectas e arquitectos ou titulacións equivalentes de plans extinguidos, poderán matricularse en ensinanzas de grao, sempre e cando non substitúan aos estudos xa cursados ou que teñan os mesmos efectos académicos e profesionais, agás en réxime de matrícula extraordinaria regulada no apartado 1.2 desta convocatoria.

7.2. INCOMPATIBILIDADES ACADÉMICAS E HORARIAS

A matrícula que formalice o estudantado entenderase realizada sen prexuízo das posibles incompatibilidades cos horarios de clases e exames determinados polos centros para cada titulación de acordo coas necesidades dos seus programas de estudo, e non xerarán en ningún caso o dereito á súa modificación fóra dos prazos previstos.

7.3. LÍMITE MÁXIMO DE MATRÍCULA

O estudantado que continúa estudos poderá matricularse nos créditos que desexe de acordo coa programación e coa ordenación temporal dos estudos de grao e máster, cun límite máximo de 75 ECTS (sen contar os créditos correspondentes ás practicas extracurriculares e ao Traballo Fin de Grao ou de Máster).

O estudantado que curse estudos ao abeiro dun programa ou convenio de intercambio interuniversitario deberá axustarse ao disposto no Regulamento de Intercambios Interuniversitarios de Estudantes, e poderá matricularse nun máximo de 60 ECTS, se ben por causas academicamente xustificadas poderá autorizarse a matrícula de ata un máximo de 75 ECTS, ampliable ata 90 ECTS para o estudantado de programas de simultaneidade ou dobres titulacións, sempre que o permita a convocatoria ou acordo de Intercambio.

As únicas excepcións ao disposto neste apartado son as recollidas no apartado 10 para a simultaneidade de estudos, apartado 11 sobre adaptación curricular e no apartado 19 para o que curse dobres titulacións.

7.4. NORMAS DE PERMANENCIA

Para poder continuar os estudos iniciados, o estudantado deberá acreditar o rendemento académico esixido segundo o tipo de estudos, de conformidade coa normativa aplicable.

7.5. LIMITACIÓN DE CONVOCATORIAS

O estudantado que non superase unha materia nas convocatorias ás que ten dereito non poderá formalizar matrícula na devandita materia.

7.6. MATERIAS SEN DOCENCIA E CON DOCENCIA NO CURSO ANTERIOR

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Unicamente poderán matricularse nas materias sen docencia que tivesen docencia nun curso anterior as persoas que estiveron matriculadas no período no que se impartiron, ademais do estudantado a quen se lle aplique o disposto no apartado 1.7. Estas materias figuran na oferta de estudos baixo o epígrafe "non matriculable, só para repetidores".

7.7. INSCRICIÓN NO TRABALLO FIN DE GRAO E FIN DE MÁSTER

A inscrición no Traballo Fin de Grao e de Fin de Máster axustarase ao prazo xeral de matrícula e ao prazo de modificación do segundo semestre establecidos no Anexo I , de acordo coa oferta do centro respectivo.

A matrícula nos Traballos Fin de Grao e de Fin de Máster realizarase xunto coa matrícula ordinaria.

Para formalizar a matrícula destes traballos a persoa interesada poderá ter pendentes como máximo 75 ECTS para completar os estudos, excluídos os correspondentes ao Traballo, debendo formalizar matrícula en todos eles.

O Traballo de Fin de Grao ou de Fin de Máster só poderá ser defendido e avaliado unha vez que se teña constancia de que o estudante superou o resto de créditos necesarios para a obtención do título.

Igualmente, os centros responsables das titulacións de grao e máster poderán autorizar a presentación e defensa do TFG e TFM aos estudantes que teñan créditos pendentes de superación co límite máximo de 18 ECTS no caso dos graos e de 9 ECTS no caso dos mestrados, salvo os correspondentes aos propios traballos. Ademais, os centros poderán excepcionar o límite máximo de créditos pendentes no suposto de que o estudante teña pendente a superación de materias prácticas obrigatorias.

8. PRÁCTICAS EN EMPRESAS E INSTITUCIÓNS PÚBLICAS OU PRIVADAS

Acorde ao Regulamento de Prácticas Académicas Externas e calquera que sexa o réxime das prácticas que se realicen, para producir efectos no expediente académico do estudantado e no Suplemento Europeo ao Título, deberán responder a unha convocatoria na que se concrete, como mínimo:

- Determinación do número de ECTS que se van a realizar.

- Esixencia de matrícula previa ao comezo do período de prácticas.

- Órgano académico universitario da USC encargado da avaliación da actividade.

- Descrición do contido da actividade.

Só por causas excepcionais se poderán autorizar e recoñecer prácticas que non se adecúen ao disposto neste apartado.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Os créditos pola superación de prácticas cursadas nunha titulación só poderán ser aplicados á titulación na que se cursaron, de forma que non poderán ser aplicadas noutra distinta polo procedemento de recoñecemento.

Para realizar calquera tipo de prácticas externas o estudantado deberá ter superados os contidos académicos relacionados coas mesmas, de acordo coa memoria do respectivo plan de estudos de grao ou máster. Ademais, no caso de plans de estudo de grao, o estudantado non poderá realizar prácticas externas en primeiro e segundo curso. En caso de prácticas extracurriculares deberán ter superado como mínimo 90 ECTS, agás situacións académicas debidamente xustificadas que permitan a súa realización cun número menor de créditos.

Non se poderán iniciar prácticas curriculares e extracurrriculares imputables ao expediente unha vez superado o Traballo Fin de Grao ou Máster, agás no caso de que, de acordo coa normativa aplicable, fora seleccionado para realizalas con anterioridade a superación do traballo de fin de estudos correspondente.

Para poder incorporarse ás prácticas curriculares ou extracurriculares o estudantado deberá indicar a través da SV o seu Número de Seguridade Social (NUSS). No caso de non dispoñer do NUSS, deberá solicitalo na sede electrónica da Seguridade Social e do Portal da TGSS, Importass. Se o estudantado non se opón ao seu tratamento, a Univesidade poderá obter este dato a través de plataformas de intermediación de datos ou servizos electrónicos habilitados para este efecto. No caso de que o estudantado se opoña a este tratamento, deberá achegar dita acreditación, podendo anexala de forma dixitalizada na súa Secretaría Virtual no momento de formalizar a matrícula ou con posterioridade, neste último caso deberá presentarse cunha antelación mínima dun mes ao comezo das prácticas.

De non cumprir con este requisito en prazo, non poderá realizar as prácticas.

8.1. PRÁCTICAS INCLUÍDAS NOS PLANS DE ESTUDO

Os centros e órganos coordinadores das prácticas en empresas realizarán a selección do estudantado acorde ás convocatorias públicas, segundo o Regulamento de Prácticas Académicas Externas. As convocatorias deberán enviarse ao Servizo de Xestión Académica.

A relación de persoas admitidas remitirase á Unidade de Xestión Académica, indicando o período de prácticas, número de horas, número e tipo de créditos, empresa ou institución onde se realizarán as prácticas, e os titores ou órganos responsables das prácticas.

A persoa interesada deberá matricularse nas prácticas a través da súa secretaría virtual ou solicitar a matrícula por correo electrónico ou pola sede electrónica no prazo dos 5 días seguintes á publicación da relación de persoas admitidas, que deberá ser comunicada no mesmo día á Unidade de Xestión Académica.

A admisión do estudantado para a realización de prácticas en empresa daralle dereito á modificación da matrícula no mesmo prazo en que se matricule das prácticas, de acordo co disposto no apartado 9.5 desta convocatoria.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Unha vez iniciadas as prácticas non procederá a modificación do número de créditos matriculados agás que por causa non imputable ao estudantado, a empresa ou institución modificase a súa duración. Esta circunstancia debe ser comunicada polo responsable académico ao Servizo de Xestión Académica.

A realización parcial das prácticas non dará dereito ao recoñecemento de ningún crédito, polo que a cualificación recollida no seu expediente será a de "suspenso".

O estudantado de prácticas obrigatorias de estudos de grao e máster matricularase no prazo xeral de matrícula e será avaliado como de calquera outra materia.

A matrícula nas prácticas optativas con carácter xeral, efectuarase unha vez admitido nas prácticas salvo que o Centro indique o contrario, e sempre antes do inicio das mesmas.

A persoa matriculada no prazo xeral ao inicio do curso, de non serlle asignada praza de prácticas, poderá modificar a súa matrícula no segundo semestre.

Non procederá a renuncia de convocatoria nas materias de Prácticum ou prácticas.

8.2. PRÁCTICAS EXTRACURRICULARES

Acorde ao Regulamento de Prácticas Académicas Externas, considéranse prácticas extracurriculares aquelas que realice o estudantado mentres estea a cursar estudos pero que non computan a efectos da obtención do título.

Das prácticas extracurriculares realizadas quedará constancia no expediente do estudantado coa cualificación de "Apto" ou "Non Apto".

8.3. PRÁCTICAS A TRAVÉS DE CONVENIOS INTERNACIONAIS

O estudantado admitido a través de convenios internacionais para realizar prácticas en calquera Servizo ou Centro da USC e as súas titulacións deberá formalizar a correspondente inscrición como estudantado en calquera das modalidades establecidas nesta convocatoria ou como estadías.

No caso de matricularse só de estadías, o período máximo será de 3 meses e non devindicará prezos públicos, agás os seguros esixibles, de selo caso.

9. MODIFICACIÓNS DE MATRÍCULA

Durante o período de modificación e desistencia de matrícula do primeiro semestre establecido no Anexo I, o estudantado poderá ampliar ou modificar a matrícula en calquera das materias matriculadas, tendo en conta o establecido nos seguintes apartados.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Se como consecuencia da modificación de matrícula solicitada pola persoa interesada resultase un importe a devolver, procederase a devolución dos prezos públicos. No caso de que a persoa interesada estivera acollida ao pagamento fraccionado, as modificacións teranse en conta para o cálculo dos pagos pendentes.

9.1. DESISTENCIA

A persoa interesada poderá solicitar a desistencia da matrícula nos prazos que se establecen no Anexo I desta convocatoria. A desistencia solicitada neste prazo dará dereito á devolución dos prezos públicos salvo as tarifas de secretaría.

A anulación fóra dos prazos establecidos no Anexo I poderá solicitarse de forma excepcional cando a causa que a motiva se iniciara con posterioridade aos citados prazos. A solicitude deberá estar debidamente motivada ou xustificada e resolverase polo Servizo de Xestión Académica. A resolución terá en conta os servizos académicos efectivamente prestados e no caso de que proceda a anulación, fixará os efectos económicos e administrativos, tendo en conta as causas alegadas, determinando de forma proporcional os importes que proceda aboar ou devolver en cada caso.

Non procederá a desistencia cando o xa concorrera a algunha convocatoria de exames, ordinaria ou extraordinaria, aínda que obtivese a admisión para cursar estudos noutra universidade.

9.2. AMPLIACIÓN, DESISTENCIA PARCIAL E MODIFICACIÓN DE MATRÍCULA

Enténdese por modificación a substitución dunhas materias por outras.

Só se poderá solicitar a ampliación ou modificación da matrícula unha vez por cada prazo de modificación de matrícula. A desistencia parcial só poderá solicitarse no prazo do primeiro semestre. Os prazos para ampliacións, modificacións e desistencia parcial recóllense no Anexo I.

As ampliacións e modificacións de matrícula estarán sometidas ás limitacións e impedimentos que se establecen na convocatoria de matrícula e nos plans ou programas de estudo.

As ampliacións e modificacións de matrícula en calquera dos prazos débense realizar a través da Secretaría Virtual, agás cando se requira autorización previa.

A ampliación ou modificación da matrícula supón a incorporación do estudantado ás actividades programadas a partir desa data e non xera o dereito a repetir as actividades realizadas ou proceder a excluílas da avaliación. Tampouco implica o dereito a datas de avaliación distintas das previstas se están matriculados de materias con datas de avaliación coincidentes.

9.3. MODIFICACIÓNS NA MATRÍCULA DE INTERCAMBIO

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

O estudantado da USC que curse estudos a través de programas de intercambio poderá modificar a súa matrícula acorde ao disposto na regulación dos programas de intercambio. As modificacións solicitaranse, previa modificación do compromiso de estudos autorizada por todas as partes.

Toda modificación autorizada no compromiso de estudos ou acordo académico de conformidade co establecido no Regulamento de intercambios interuniversitarios de estudantes tanto da USC como doutras universidades, levará consigo a modificación da matrícula. A Unidade de Xestión Académica correspondente será a encargada de efectuar a modificación.

Cando os estudos estranxeiros concluíran coa obtención dun título estranxeiro que dea acceso a unha profesión regulada, se a persoa interesada optou por solicitar a homologación polo título universitario oficial español correspondente, non poderá solicitar simultaneamente a validación parcial. Cando se solicitara a homologación ou declaración de equivalencia e se resolvera desfavorable ou, condicionada, e transcorrera o período máximo de superación dos requisitos formativos complementarios sen acreditar a súa superación, as persoas interesadas poderán solicitar a validación deses estudos universitarios.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

26. DESCENTRALIZACIÓN DA DOCENCIA CLÍNICA DA FACULTADE DE MEDICINA

A docencia clínica de materias da Facultade de Medicina e a distribución do estudantado nos centros e unidades asistenciais do sistema sanitario galego, regularase por unha resolución específica na que se indicarán os criterios de adscrición e o procedemento de repartición.

27. PRÁCTICAS DO GRAO EN FARMACIA

27.1 OBRIGATORIAS. PRÁCTICAS TUTELADAS (ESTADÍAS)

O estudantado que curse estudos conducentes ao Grao en Farmacia poderá solicitar a realización das Prácticas Tuteladas (Estadías) correspondentes aos períodos de setembro de 2025 a febreiro de 2026 e de febreiro de 2026 a xullo de 2026.

Para solicitar a realización das Estadías ou Prácticas Tuteladas, as persoas interesadas deberán ter superados como mínimo 243 ECTS, dos que cando menos 237 ECTS teñen que corresponder a materias de formación básica e obrigatorias.

A persoa interesada elixirá a oficina de farmacia ou hospital onde desexa realizar as prácticas seguindo os criterios académicos acordados pola Comisión Mixta de Prácticas Tuteladas e tendo preferencia a que teña unha nota media de expediente académico máis alta.

As datas de solicitude e o lugar para a elección de farmacia serán establecidas polo Decanato da Facultade mediante a publicación no taboleiro de anuncios e páxina web da Facultade.

A matrícula realizarase nos 2 días seguintes ao de asignación da praza. Non obstante, o estudantado que solicite algunha bolsa que lle esixa estar matriculado de todas as materias que lle resten para rematar os estudos, poderá realizar unha matrícula condicionada no prazo xeral de matricula do primeiro semestre. Esta matrícula condicionada soamente dará dereito as Prácticas Tuteladas, se cumpre os requisitos esixidos no prazo.

De non se cumpriren estes requisitos, a Unidade de Xestión Académica do Campus Sur, procederá a anular de oficio a matrícula desta materia.

27.2. .-OPTATIVAS. PEGI e PECO

O estudantado que curse estudos conducentes ao Grao en Farmacia poderá asimesmo solicitar a realización de Prácticas Externas Curriculares Optativas. Deberán ter superados un mínimo de 148,5 ECTS, e outros requisitos adicionais segundo o tipo de Práctica:

27.2.1.-Practicas externas en grupos de investigación (PEGI):para realizar durante o curso académico seguinte (primeiro e/ou segundo semestre)

Anualmente, no mes de xuño de curso anterior, publícase unha convocatoria específica para a realización destas prácticas no primeiro e/ou segundo semestre do curso seguinte. As

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

persoas interesadas elixirán un grupo de investigación dos incluídos na convocatoria. Os perfís de candidatos, criterios de selección, os períodos de realización, datas de matrícula e os criterios de avaliación serán os establecidos na convocatoria dende o centro.

27.2.2.-Practicas externas curriculares optativas (PECO) para realizarse nos meses de verán (xullo, agosto ou setembro) do curso vixente.

Anualmente, no mes de maio do curso académico publícase unha convocatoria específica para a realización nos meses de xullo, agosto ou setembro e farán a matrícula das prácticas para ese mesmo curso. Os alumnos elixirán un centro do SERGAS, cooperativa farmacéutica ou empresa de distribución farmacéutica onde realizar estas prácticas. A listaxe de destinos, criterios de selección e períodos de realización serán especificados na convocatoria establecida polo centro. As cualificacións serán imputadas a ese curso vixente.

28. PRÁCTICAS TUTELADAS DO GRAO EN VETERINARIA

As actividades que conforman as Prácticas Tuteladas (PT) do Grao en Veterinaria rexeranse polos regulamentos específicos aprobados pola Xunta de Facultade por Acordo de 24 de setembro de 2021.

Para poder formalizar matrícula en calquera das actividades que conforman as Prácticas Tuteladas, o estudantado non poderá ter máis de 75 ECTS pendentes de superar para a obtención do título, incluídos os propios das Prácticas Tuteladas e sen ter en conta os correspondentes ao TFG.

Estas actividades considéranse actividades a tempo completo, polo que son incompatibles coa primeira matrícula nas materias do grao coincidentes no semestre da realización das PT, agás coas outras materias de Prácticas Tuteladas ou co Traballo Fin de Grao.

A persoa interesada solicitará o grupo do Rotatorio Clínico Hospitalario e/o empresa /institución onde desexa realizar as prácticas tuteladas seguindo o procedemento e prazos establecidos na correspondente convocatoria decanal das Prácticas Tuteladas que será publicada no taboleiro de anuncios da USC.

De non se cumprir o establecido no anterior parágrafo a persoa interesada non poderá cursar as materias das Prácticas Tuteladas, ainda que consten na súa matrícula.

29. MATRÍCULA NAS PRÁCTICAS DO GRAO EN PSICOLOXÍA

Para poder cursar o Prácticum, o estudantado deberá ter superado polo menos 150 créditos obrigatorios (materias de formación básica e obrigatorias), incluíndo a totalidade das materias de primeiro e segundo curso.

Non obstante, o estudantado que solicite algunha bolsa que lle esixa estar matriculado de todas as materias que lle resten para rematar os estudos, poderá realizar unha matrícula condicionada no prazo xeral de matrícula do primeiro semestre.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Esta matrícula condicionada soamente dará dereito ao Prácticum se cumpre os requisitos esixidos no prazo. De non se cumpriren estes requisitos, a Unidade de Xestión Académica procederá a anular de oficio a matrícula desta materia.

30. MATRÍCULA NAS PRÁCTICAS TUTELADAS DO GRAO EN ÓPTICA E OPTOMETRÍA

O estudantado poderá realizar as Prácticas Tuteladas (PT) cando lle falten por superar 10,5 ECTS dos tres primeiros cursos da titulación, quedando excluídos os correspondentes das propias PT e o TFG.

Non obstante, o estudantado que solicite algunha bolsa que lle esixa estar matriculado de todas as materias que lle resten para rematar os estudos, poderá realizar unha matrícula condicionada no prazo xeral de matrícula do primeiro semestre.

Esta matrícula condicionada soamente dará dereito ás Prácticas Tuteladas se cumpre os requisitos esixidos no prazo. De non se cumpriren estes requisitos, a Unidade de Xestión Académica procederá a anular de oficio a matrícula desta materia.

31. MATRÍCULA NO PRÁCTICUM DO GRAO EN CRIMINOLOXÍA

O estudantado poderá formalizar a matrícula na materia "Prácticum" do Grao en Criminoloxía cando teñan aprobadas as seguintes materias:

a) Todas as materias correspondentes aos cursos primeiro e segundo do grao.

b) As seguintes materias do terceiro curso do grao:

-delincuencia e xustiza xuvenil; -penoloxía e ciencia penitenciaria; -psicoloxía criminal II; -avaliación e tratamento do delincuente; -proceso penitenciario; -psiquiatría forense; -victimoloxía

c) As seguintes materias do cuarto curso do grao: -medicina legal e forense

Non obstante, o estudantado que solicite algunha bolsa que lle esixa estar matriculado de todas as materias que lle resten para rematar os estudos, poderá realizar unha matrícula condicionada no prazo xeral de matrícula do primeiro semestre.

32. COMPLEMENTOS FORMATIVOS PARA O ACCESO NO MÁSTER DE PSICOLOXÍA XERAL SANITARIA

Os titulados en Psicoloxía que non reúnan os créditos de formación sanitaria, esixidos na Orden ECD/1070/2013 para acceder ao Máster en Psicoloxía Xeral Sanitaria, poderán solicitar a matrícula nas materias ofertadas para formación complementaria pola Facultade de Psicoloxía.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

As materias ofertadas polo Centro como complementos formativos, incluiranse na docencia das materias correspondentes ao grao e estarán sometidas a límite de prazas en función da ocupación.

A solicitude para cursar estes complementos formativos deberá presentarse dentro do prazo xeral de matrícula do primeiro semestre e irá dirixida ao Decanato da Facultade de Psicoloxía polos medios establecidos no apartado 6 desta convocatoria. As autorizacións concedidas comunicaranse á Unidade de Xestión Académica do Campus Sur, quen o notificará á persoa interesada, xunto co prazo para formalizar a matrícula e os prezos, que serán os establecidos para as materias de grao equivalentes. Se a demanda superase a oferta de prazas establecidas a este efecto, priorizarase en función do expediente académico de Licenciatura/Grao.

O ingreso no máster só poderá solicitarse nos prazos ordinarios establecidos no Anexo I e unha vez obtidos os créditos necesarios para cumprir o establecido na Orde mencionada anteriormente.

33. INSCRICIÓN NOS GRUPOS DE DOCENCIA EN LINGUA INGLESA

Para a inscrición nos grupos con docencia en lingua inglesa, nas materias nas que se oferta esta docencia, o estudantado deberá indicalo na súa solicitude de matrícula.

A persoa matriculada poderá solicitar o cambio de grupo nos prazos e mediante o procedemento que estableza o centro respectivo.

34. REQUISITOS FORMATIVOS COMPLEMENTARIOS PARA A HOMOLOGACIÓN DE TÍTULOS ESTRANXEIROS

Para a realización de requisitos formativos complementarios para a homologación de títulos estranxeiros estarase ao establecido na Resolución reitoral de 15 de novembro de 2019 sobre realización de requisitos formativos complementarios para a homologación de títulos estranxeiros na USC.

A matrícula nos requisitos formativos complementarios non se rexerá pola normativa que regula as materias, actividades e traballos fin de grao dos respectivos plans de estudos, quedando sometida á súa normativa específica.

A finalidade da actividade será a equiparación dos contidos de formación entre as titulacións estranxeira e española. En consecuencia, as actividades a realizar como complementos formativos poderá coincidir exactamente ou non coa programación das materias, traballos ou actividades recollidas nas memorias dos títulos. O contido concreto dos complementos formativos, do tipo que sexan, será fixado polo Centro responsable, se ben, subsidiariamente, axustaranse á regulación das actividades ordinarias do oficial, tanto con respecto a docencia das materias, ás prácticas ou os traballos.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

O estudantado que desexe cursar todos ou parte dos complementos formativos na USC deberá presentar a solicitude a través da Sede Electrónica acompañada da resolución ditada polo Ministerio competente. O prazo será o da matrícula de grao que se establece no Anexo I, exceptuándose as solicitudes de homologación do título de Licenciado/Graduado en Odontoloxía que se rexerán polo procedemento e os prazos establecidos pola propia convocatoria no caso de que oferten prazas.

No caso excepcional de que se presente a solicitude fóra deste prazo a autorización estará condicionada a posibilidade de realizar os complementos formativos sen alterar o normal funcionamento do Centro responsable. A estes efectos, presentada a solicitude para cursar os complementos formativos na USC, o Servizo de Xestión Académica solicitará informe ao centro correspondente antes da súa resolución.

Se a persoa solicitante debe inscribirse en cursos tutelados cun contido maior de 60 ECTS, permitiráselle cursalos e fraccionar a matrícula en dous cursos consecutivos.

35. APOIO TITORIAL EXTRAORDINARIO

A Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións, aprobada polo Consello de Goberno do 15 de xuño de 2011 (modificada por ACG 05.04.2017 e ACG 30.04.2025), permite establecer un sistema de apoio titorial extraordinario para axudar ao a superar aquelas materias que lles presenten especiais dificultades.

O apoio titorial extraordinario terá unha metodoloxía de aprendizaxe que se establecerá entre o profesor-titor e a persoa interesada. O profesor-titor definirá as pautas que deberá seguir o estudante no desenvolvemento da aprendizaxe, as que lle proporcionarán os elementos suficientes para avaliar a súa progresión, mantendo, en todo caso, as garantías e transparencia necesarias.

O artigo 11 da citada Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión das cualificacións determina que a USC publicará anualmente a convocatoria para acollerse a este sistema extraordinario.

35.1. ESTUDANTADO QUE PODE SOLICITAR O APOIO TITORIAL EXTRAORDINARIO

Poderán solicitalo as persoas matriculadas en calquera titulación oficial de grao da USC, que reúnan os seguintes requisitos:

a) Que teñan pendentes de superación para o remate dos estudos do título un máximo de 18 créditos ou tres materias (exclúese do cómputo o traballo fin de grao, as prácticas obrigatorias, as prácticas tuteladas e o Prácticum).

b) Que teñan esgotadas 2 convocatorias, cando menos, en cada unha das materias para as que soliciten o apoio.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Estes requisitos poderán reunirse ao inicio do curso ou tras os exames do primeiro semestre.

Os matriculados en materias sen dereito a docencia tamén poderán acollerse ao apoio titorial extraordinario, sempre e cando cumpran os demais requisitos establecidos nesta convocatoria para as materias con docencia.

As persoas solicitantes ás que se lles conceda o apoio titorial gozarán do mesmo número de convocatorias ou oportunidades en cada curso académico, para superar a materia, que o demais estudantado, de acordo co que estableza a normativa que sexa de aplicación para as titulacións que estean a cursar.

Non se poderá solicitar apoio titorial no caso de materias cursadas a maiores das necesarias para titularse, agás no caso de que se precisen para outra especialidade, itinerario ou mención.

35.2. PRAZOS E SOLICITUDE

• Primeiro período (materias do 1º semestre e anuais): O prazo de solicitude será dende o 15 ata o 26 de setembro de 2025.

• Segundo período (materias do 2º semestre): Poderán solicitar o apoio dende o 6 ata o 20 de febreiro de 2026.

As solicitudes presentaranse de xeito electrónico a través da Secretaría Virtual ou a través da sede electrónica da USC.

35.3. DA ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS QUE INTERVEÑEN NO PROCEDEMENTO

Corresponde á Unidade de Xestión Académica dos estudos afectados:

Rexistrar as solicitudes recibidas e, unha vez comprobado que o estudantado cumpre os requisitos, dar traslado das mesmas, no prazo máximo de 3 días, aos centros correspondentes.

Corresponde aos centros:

Dar traslado das solicitudes recibidas, no prazo máximo de 3 días, aos departamentos correspondentes e informalos tanto das consultas que teñan que ver cos solicitantes como do cumprimento dos requisitos establecidos neste apartado.

Corresponde aos directores dos departamentos:

1. Resolver as solicitudes recibidas e nomear o profesor titor da materia, que será preferentemente o profesorado que figura no POD da mesma no correspondente curso académico, agás que a persoa interesada solicite de xeito expreso e motivado o cambio de titor. Só se pode nomear un profesor titor por cada materia, agás que na docencia dunha materia participen varias áreas, caso no que se poderán nomear dous profesores titores.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

No caso de recibir solicitudes de persoas interesadas sobre os que haxa algunha dúbida sobre se cumpre os requisitos necesarios deberán dar traslado ao Servizo de Xestión Académica para a comprobación de ditos requisitos.

2. Notificar ás persoas solicitantes o nome do titor co que deberán poñerse en contacto no horario correspondente de titorías .

3. Notificar ao Servizo de Xestión Académica, os profesores responsables da titoría extraordinaria concedida, o nome da persoa solicitante para proceder á confección das actas, a/s materia/s obxecto de apoio e máis o correspondente plan de traballo, coa finalidade de incorporalo ao plan de traballo anual do profesor.

Corresponde aos profesores titores:

1. Establecer xunto coas persoas interesadas o plan de traballo que deberán seguir e que permita aproveitar ao máximo o curso académico, contemplando a posibilidade de utilizar as oportunidades de avaliación ordinarias, de acordo coa normativa que para cada curso académico ten establecida a universidade, para facilitarlle ao estudantado a superación das materias.

2. O plan de traballo deberá contemplar as seguintes cuestións:

A) Obxectivos parciais a acadar e tempo para conseguilos.

B) Sistema de avaliación destes obxectivos e da materia no seu conxunto, de estimarse conveniente.

C) Calendario de reunións para a resolución de problemas e dúbidas do estudantado. Este calendario deberá fixarse, sempre que sexa posible, en horarios de titorías do profesor.

D) Procedemento de control de todo o proceso que permita ao estudantado exercer, no marco das particularidades desta modalidade de apoio, a revisión de cualificacións establecidas no artigo 132 dos Estatutos da Universidade e no artigo 20 do Estatuto do Estudantado da USC.

35.4. DA ELABORACIÓN DAS ACTAS

Por cada materia/titor emitirase unha única "acta de apoio titorial extraordinario" que coincidirá coa convocatoria ordinaria de exames na que figure o estudantado que teña concedido o apoio.

O profesorado responsable da titoría será o que poida acceder a través do código persoal á acta ou actas segundo establece a normativa vixente.

O apoio titorial só poderá solicitarse para realizalo ao longo do curso e presentarse ás oportunidades ordinarias de exame, quedando excluída do mesmo a convocatoria extraordinaria de Fin de Carreira, é dicir, o estudantado que solicite apoio titorial para unha

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

convocatoria ordinaria (primeiro semestre, segundo semestre ou anual) poderá presentarse á convocatoria fin de carreira, pero non poderá recibir o apoio titorial para superar a materia nesta convocatoria.

III. ESTUDOS DE MÁSTER UNIVERSITARIO

A admision e matricula nos estudos oficiais de Master universitario esta condicionada a efectiva imparticion dos mesmos en funcion da autorizacion da Comunidade Autonoma e do cumprimento dos requisitos que estableza.

36. INICIO DE ESTUDOS

Para formalizar matrícula nas ensinanzas oficiais de Máster universitario o estudantado debe reunir os requisitos xerais de acceso recollidos no artigo 18 do Real decreto 822/2021, de 28 de setembro de 2021 e estar habilitado por posuír algún dos títulos establecidos no Anexo III.

A persoa solicitante poderá formular ata un máximo de tres solicitudes de admisión a máster, indicando expresamente a orde de preferencia de cada un deles, o que será vinculante para a adxudicación de prazas.

O estudantado da USC matriculado no curso académico 2024/25 que estea en condicións de rematar os estudos que lle dean acceso ao máster na convocatoria de xullo, poderá solicitar a admisión e no seu caso matricularse sen ter feito o depósito de título. Esta matrícula estará condicionada a que aboen os dereitos de expedición do título de acceso coa data límite do 12 de agosto de 2025.

Para os efectos de adxudicación de prazas, a nota media do expediente do estudantado da USC aos que se refire o parágrafo anterior, actualizarase automaticamente con data de 16 de xullo de 2025.

Ao estudantado que seleccione o acceso a través de máster, aplicaráselle a media ponderada coa titulación de grao que lle deu acceso aos ditos estudos de máster, polo que deberán achegar a documentación acreditativa de ambos estudos.

No Anexo IV recóllese a oferta de prazas de inicio de cada máster e os requisitos concretos que deben reunir as persoas interesadas para matricularse. Os criterios de selección, xerais ou específicos, non constitúen requisitos de acceso de forma que, se o número de persoas solicitantes é inferior ao de prazas ofertadas, autorizarase a matrícula das persoas interesadas que reúnan os requisitos académicos ata cubrir as prazas ofertadas.

Para garantir o dereito de igualdade de oportunidades das persoas con discapacidade, no caso de que se presenten solicitudes de admisión a estudos de máster por parte de persoas afectadas por una grao de discapacidade igual ou superior ao 33%, ou por persoas con necesidades educativas especiais permanentes asociadas a circunstancias persoais de

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

discapacidade, e non resulten admitidos segundo os criterios establecidos en cada procedemento, habilitarase un aumento de ata o 5% das prazas ofertadas na titulación correspondente, co mínimo dunha praza. Neste caso, deberán marcar a opción de discapacidade no momento de facer a súa solicitude de admisión.

As prazas reservadas para setembro (naquelas titulacións de máster nas que se fixara tal reserva de prazas), adxudicaranse por orde de matrícula entre os que reúnan os requisitos, independentemente do proceso de selección que se utilizase para a adxudicación do resto de prazas (criterios xerais ou criterios específicos).

De acordo co Procedemento de admisión e matrícula condicionada nos estudos de Máster universitario aprobado por Acordo do Consello de Goberno de 28 de Outubro de 2022 (modificado por ACG 10.06.2024) poderán acceder e matricularse en estudos de máster, aqueles estudantes que, conforme ao disposto no artigo 18.4 do Real Decreto 822/2021, de 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade, estean a cursar un Grao na USC, nunha universidade española ou do EEES, e lles reste por superar o TFG e ata un máximo de 9 créditos ECTS. Queda excluído da matrícula condicionada o Máster oficial en Avogacía e Procuradoría, no que se esixe estar en posesión do título oficial de Licenciatura ou Grao en Dereito.

Os estudantes de Grao alleos á USC, deberán acreditar documentalmente o cumprimento dos requisitos de matrícula condicionada mediante unha certificación académica e o plan de estudos correspondente á titulación que lle de acceso.

Os estudantes que desexen acceder a través de matrícula condicionada deberán solicitar a admisión e realizar a matrícula no prazo establecido no apartado B18 do Anexo I.

Este estudantado non poderá obter o título de máster se previamente non obtivo o título de grao.

36.1. MÁSTER UNIVERSITARIO CON CRITERIOS XERAIS DE SELECCIÓN

Solicitude

A persoa que pretenda cursar algún Máster universitario no que se apliquen criterios xerais de selección deberá cubrir a solicitude na Secretaría Virtual no prazo establecido no apartado B1 do Anexo I declarando os datos do expediente académico da titulación universitaria que lle dá acceso.

A persoa interesada procedente de sistemas educativos estranxeiros deberá achegar á solicitude, ademais, a declaración de equivalencia da nota media do seu expediente que se obtén a través do Servizo que ten activo o Ministerio de Universidades no seguinte enderezo:

https://universidades.sede.gob.es/pagina/index/directorio/Equivalencia_notas_medias

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

No caso de non presentala no momento da solicitude a súa nota de acceso será 5. Se a declaración non é correcta de acordo coas instrucións publicadas polo Ministerio de Universidades, requirirase por unha soa vez para que presente unha nova declaración. Se finalmente non presenta a declaración de equivalencia de nota media ou esta volve estar incorrecta, asignaráselle como nota de admisión un 5.

Adxudicación de prazas

Rematado o prazo de solicitude, se o número de solicitantes non excede do 10% do número de prazas ofertadas asignarase praza a todos os solicitantes que reúnan os requisitos.

Nos másteres nos que sexa necesario realizar o proceso para a adxudicación de prazas teranse en conta as cotas de reserva de prazas que se establecen no Anexo IV, as prelacións segundo as titulacións de orixe e a valoración do expediente académico. As solicitudes ordenaranse, dentro de cada cota e cada grupo de titulacións coa mesma orde de prelación segundo a nota media do expediente académico. Nos másteres nos que existen grupos de ingreso e que unha vez adxudicadas as prazas dun determinado grupo resultasen prazas vacantes, estas acumularanse ao resto dos grupos.

Matrícula

Publicadas as listaxes de admitidos e de agarda, as persoas admitidas, independentemente da preferencia manifestada respecto do máster onde se lle adxudicou praza, deberán matricularse no prazo do apartado B3 do Anexo I . De non matricularse nese prazo decaerán no seu dereito sobre a praza adxudicada. Así mesmo, as persoas que figuren na listaxe de agarda deberán expresar a súa vontade de seguir optando ás prazas vacantes, confirmándoo en cada unha das solicitudes e convocatorias previstas no Anexo I a través da súa secretaría virtual, no mesmo formulario electrónico utilizado para as solicitudes. De non facelo, entenderase que desisten da súa solicitude ou solicitudes e estas xa non se considerarán na seguinte convocatoria.

Finalizado o primeiro prazo de matrícula, convocarase ás persoas da listaxe de agarda para a cobertura das vacantes nas sucesivas convocatorias previstas (apartados B4 e B5 do Anexo I). Se nalgunha destas dúas convocatorias o estudantado xa matriculado resulta admitido nun máster de maior preferencia deberá anular a matrícula realizada antes de proceder a matricularse no máster de maior preferencia nos prazos establecidos.

- Nas titulacións de Máster universitario sen listaxe de agarda por ter menos solicitudes que prazas ou con listaxe de agarda se esta se esgotara e non se tiveran cuberto todas as prazas, calquera persoa sen necesidade de ter feito solicitude previa no prazo establecido no apartado B1 do Anexo I, poderá matricularse por orde de inscrición no prazo de vacantes disposto no apartado B6 do Anexo I.

- Naquelas titulacións de Máster universitario con listaxe de agarda nas que non se matriculasen todas as persoas admitidas, as prazas vacantes asignaranse entre as persoas da listaxe de agarda ata completar o número total de prazas ofertadas. Para o caso de que

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

se teñan ocupadas todas as prazas ofertadas, de producirse algunha desistencia ou anulación de matrícula, estas asignaranse por chamamento individual entre os que se atopen na listaxe de agarda. No caso de que dúas ou máis persoas teñan a mesma puntuación, o chamamento realizarase pola orde cronolóxica da solicitude, obtendo praza aquela persoa que realizara primeiro a solicitude.

36.2. MÁSTER CON CRITERIOS ESPECÍFICOS DE SELECCIÓN

Nas titulacións de máster nas que se establezan criterios específicos de selección (experiencia profesional, acreditar a competencia en determinada área ou calquera outra que non se axuste aos criterios xerais) a Comisión Académica do máster será quen, inicialmente, seleccione ás persoas admitidas. No Anexo IV publícanse os criterios de selección.

Para solicitar a admisión a persoa interesada deberá cubrir os datos na Secretaría Virtual no prazo establecido no apartado B1 no Anexo I. A documentación acreditativa dos méritos a valorar nos criterios específicos deberá achegarse electronicamente á solicitude.

Entenderase que a persoa solicitante que non achegue ningunha documentación desexa ser valorada unicamente polo expediente académico que dispón a USC ou polo declarado na solicitude.

Naquelas titulacións de máster con menos solicitudes que prazas, admitirase a todos os solicitantes que cumpran os requisitos de admisión sen ter en conta os criterios de selección.

A petición do coordinador do máster, no suposto de que haxa máis solicitantes que prazas, poderase autorizar ata un 10% máis.

En canto a matrícula nas titulacións de Máster universitario con criterios específicos de selección, aplicarase o mesmo procedemento que o disposto no apartado de matrícula nas titulacións de máster con criterios xerais de selección.

37. MÁSTER UNIVERSITARIO EN PROFESORADO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA E BACHARELATO, FORMACIÓN PROFESIONAL E ENSINANZAS DE IDIOMAS

37.1 CONDICIÓNS E REQUISITOS DE ACCESO

Terán acceso os licenciados, diplomados, graduados universitarios e, en xeral, todos os solicitantes que estean en posesión dun título oficial universitario español que os habilite para os estudos de posgrao, de acordo co disposto no artigo 18 do RD 822/2021 de 28 de setembro, sen prexuízo do establecido no Capítulo II do Título III da Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOE), que establece os requisitos de titulación para acceder ás profesións docentes.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

O estudantado da USC matriculado no curso académico 2024/25 que estea en condicións de rematar os estudos que lle dean acceso ao máster na convocatoria de xullo, poderá solicitar a admisión, sempre que aboe os dereitos de expedición do título de acceso coa data límite do 12 de agosto de 2025.

Para os efectos de adxudicación de prazas, a nota media do expediente do estudantado da USC aos que se refire o parágrafo anterior, actualizarase automaticamente con data de 16 de xullo de 2025.

Deberán acreditar o dominio das competencias relativas á especialización que se desexe cursar mediante a posesión da titulación adecuada á especialidade (Anexo IV).

Deberán acreditar un nivel B1 de competencia lingüística nunha lingua estranxeira, de acordo co establecido no Marco Común Europeo de Referencia para as linguas segundo a Recomendación Nº R (98) 6 do Comité de Ministros de Estados Membros, do 17 de outubro de 2000. Esta acreditación deberá realizarse no prazo xeral de matrícula. No caso do estudantado estranxeiro tamén será esixible a acreditación documental dunha lingua estranxeira.

As persoas tituladas por sistemas de educación doutros países terán acceso ao máster só no caso de ter homologado o seu título a un dos títulos oficiais españois ou a declaración de nivel de equivalencia a titulación ou nivel académico no momento de finalización do prazo de solicitudes. No caso da declaración de nivel de equivalencia a titulación ou nivel académico será a Comisión Académica do Máster a que determine a especialidade ou especialidades á /ás que poida acceder o estudante.

Estas persoas, tanto se teñen homologación como declaración de equivalencia, deberán presentar a declaración de equivalencia da nota media do seu expediente que se obtén a través do Servizo que ten activo o Ministerio con competencias en Educación no seguinte enderezo:

https://universidades.sede.gob.es/pagina/index/directorio/Equivalencia_notas_medias

37.2. CRITERIOS DE ADMISIÓN, SELECCIÓN E ADXUDICACIÓN DE PRAZAS

As prazas ofertadas por especialidade figuran no Anexo IV.

O proceso de acceso e admisión, de acordo coa Orde ECI/3858/2007 que regula este Máster, realizarase por especialidades en función da titulación que se posúe (Anexo IV). As persoas solicitantes indicarán dentro da especialidade, de forma orientativa, o itinerario da súa preferencia. No caso da especialidade de Formación Profesional os itinerarios ofertados terán os mesmos efectos que as especialidades.

As persoas solicitantes que posúan unha titulación que lles dea acceso a máis dunha especialidade poderán solicitar varias especialidades indicando a orde de preferencia, que será vinculante para a asignación das prazas.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Nas especialidades en que se oferten prazas nos Campus de Santiago de Compostela e de Lugo poderá solicitarse praza en ambos os dous, indicando a orde de preferencia do campus. Neste caso a orde de preferencia será vinculante, de xeito que se a praza se adxudica no campus de maior preferencia non poderá optar pola praza do outro campus.

Só se poderá solicitar praza nas especialidades en que se estea exento da realización da proba para a acreditación do dominio de competencias.

Rematado o proceso de matrícula, determinaranse os itinerarios que se impartirán en función do número de persoas matriculadas. Os itinerarios poderán non impartirse cando o número de estudantes matriculados sexa inferior a 10; neste caso as persoas interesadas deberán matricular as materias específicas dos itinerarios que se impartan. No caso contrario, é dicir, que non se impartan as materias específicas do itinerario indicado como preferente por non acadar o número establecido, as persoas afectadas deberán matricular as materias específicas dos itinerarios ofertados que se impartan na especialidade, ou solicitar a desistencia de matrícula, de ser o caso.

Non obstante, e en relación con estes casos, a Universidade podería ditar unha instrución que permitise ofertar estas materias ás persoas interesadas mediante un sistema de titoría e docencia asistida, ou de xeito ordinario sempre que existan os recursos necesarios.

A solicitude de praza realizarase a través da Secretaría Virtual da USC, no prazo que se indica no apartado B9 do Anexo I.

37.3. MATRÍCULA E VACANTES

Publicadas as listaxes de admitidos e de agarda, as persoas admitidas, independentemente da preferencia manifestada respecto da especialidade onde se lle adxudicou praza, deberán matricularse no prazo do apartado B11 do Anexo I. De non matricularse nese prazo decaerán no seu dereito sobre a praza adxudicada. Así mesmo, as persoas interesadas que figuren na listaxe de agarda deberán expresar a súa vontade de seguir optando ás prazas vacantes, confirmándoo en cada unha das solicitudes e convocatorias previstas no Anexo I a través da súa secretaría virtual, no mesmo formulario electrónico utilizado para a solicitude. De non facelo, entenderase que desisten da súa solicitude e esta xa non se considerará na seguinte convocatoria.

Finalizado o primeiro prazo de matrícula, convocarase ás persoas na listaxe de agarda para a cobertura das vacantes nas sucesivas convocatorias previstas (apartados B12 e B13 do Anexo I). Se nalgunha destas dúas convocatorias, o estudantado xa matriculado resulta admitido nunha especialidade de maior preferencia deberá anular a matrícula realizada antes de proceder a matricularse na especialidade de maior preferencia nos prazos establecidos.

- Naquelas especialidades con listaxe de agarda nas que non se matriculasen todas as persoas admitidas, as prazas vacantes asignaranse entre as persoas da listaxe de agarda ata completar o número total de prazas ofertadas.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

- Se nalgunha especialidade con listaxe de agarda que teña ocupadas todas as prazas ofertadas, se produce algunha desistencia ou anulación de matrícula, estas prazas asignaranse por chamamento individual entre os que se atopen na listaxe de agarda. No caso de que dúas ou máis persoas teñan a mesma puntuación, o chamamento realizarase pola orde cronolóxica da solicitude, obtendo praza aquela persoa que realizara primeiro a solicitude.

Rematadas as convocatorias indicadas no Anexo I, nas especialidades sen listaxe de agarda ou nas que se esgotaran as listaxes de agarda sen que se cubriran todas as prazas, as vacantes adxudicaranse por orde de matrícula realizada no prazo de vacantes establecido no apartado B14 do Anexo I.

Se nunha especialidade, ou en varias, non se cobren as prazas ofertadas, as vacantes poderán acumularse ás especialidades en que exista maior demanda, seguindo criterios de proporcionalidade.

38. MÁSTER UNIVERSITARIO EN AVOGACÍA E PROCURADORÍA

Aos estudos de Máster Universitario en Avogacía e Procuradoría aplicaráselles o establecido na memoria do plan de estudos correspondente, nos convenios co Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, na normativa de desenvolvemento que se dite e, subsidiariamente, o disposto na presente resolución.

Por ser unha titulación que habilita para o exercicio profesional, as persoas que accedan ao máster de Avogacía e Procuradoría cunha titulación estranxeira deberán cumprir as condicións do Real Decreto 64/2023, de 8 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 34/2006, de 30 de outubro, sobre o acceso ás profesións de Avogacía e a Procuradoría.

Non cabe unha matrícula condicionada neste máster, ao exixirse a condición previa de graduado ou licenciado.

39. MÁSTER UNIVERSITARIO EN PSICOLOXÍA XERAL SANITARIA

Conforme a Orde ECD/1070/2013, de 12 de xuño, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais de Máster en Psicoloxía Xeral Sanitaria que habilite para o exercicio da profesión titulada e regulada de Psicólogo Xeral Sanitario, constituirá un requisito necesario para o acceso ao Máster en Psicoloxía Xeral Sanitaria, a posesión do título de Licenciado/Graduado en Psicoloxía unido, no seu caso, a unha formación complementaria que garanta que a persoa interesada obtivo, polo menos, 90 créditos ECTS de carácter especificamente sanitario.

En cumprimento do establecido na disposición final cuarta da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario, o título de Grao en Psicoloxía, que non habilitará por si mesmo, para o exercicio da psicoloxía no sector sanitario, constituirá un requisito necesario para o acceso ao Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria, así como calquera outro título universitario oficial estranxeiro de Psicoloxía que cumpra cos requisitos establecidos

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

na Orde CNU/1309/2018, do 5 de decembro, pola que se regulan as condicións xerais ás que se axustarán os planos de estudo do Grao en Psicoloxía, en particular no que se refire ás materias obrigatorias vinculadas á Psicoloxía da Saúde.

Segundo o establecido na Resolución de 16 de novembro de 2023, da Secretaría Xeral de Universidades, pola que se publica o Acordo o Consello de Universidades, polo que se establecen recomendacións para a acreditación do cumprimento dos requisitos establecidos na Orde CNU/1309/2018, do 5 de decembro, para o acceso ao Máster en Psicoloxía Xeral Sanitaria nos títulos universitarios oficiais estranxeiros de Psicoloxía, as persoas tituladas en Psicoloxía por sistemas educativos estranxeiros poderán solicitar na USC a acreditación dos requisitos recollidos na Orde CNU/1309/2018, a través da Sede electrónica da USC. O prazo de solicitudes será desde o día 1 de outubro ata o día 31 de decembro de 2025. Estarase ao establecido no citado Acordo en canto ao procedemento a seguir e a documentación que teñen que presentar.

40. ESTUDANTADO DE PROGRAMAS INTERUNIVERSITARIOS DE INTERCAMBIO OU DE TITULACIÓNS CONXUNTAS INTERNACIONAIS

O estudantado doutros países que foi seleccionado para cursar estudos de máster nesta universidade dentro de programas internacionais de intercambio deberá matricularse nos prazos desta convocatoria sen que se requira a admisión previa regulada no apartado 41, se non se matricula para a obtención do título.

O estudantado dos másteres conxuntos internacionais nos que a USC participa rexerase polas súas normas, prazos e convenios específicos sen que lle sexa de aplicación o disposto neste apartado.

41. INICIO DE ESTUDOS DE TITULADOS PROCEDENTES DE SISTEMAS EDUCATIVOS DOUTROS PAÍSES

Nos másteres nos que existan prazas reservadas para estudantado con estudos estranxeiros de acceso alleos ao EEES, a admisión e matrícula nas devanditas prazas réxese pola convocatoria anticipada para o curso 2025/26 coas especificidades respecto da modificación de matrícula e prezos públicos que para eles se recollen nos apartados correspondentes.

O estudantado con estudos estranxeiros de acceso de países pertencentes ao EEES ou alleos a este, poderá concorrer ao proceso xeral de asignación de prazas regulado nesta convocatoria nas mesmas condicións que o resto de estudantado, debendo presentar a declaración de equivalencia da nota media do seu expediente que se obtén a través do Servizo que ten activo o Ministerio con competencias en Educación no seguinte enderezo:

https://universidades.sede.gob.es/pagina/index/directorio/Equivalencia_notas_medias

Para os efectos de ingreso nos másteres da USC, o estudantado procedente de sistemas educativos do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) non terá que solicitar a homologación ou declaración de equivalencia do seu título de acceso no Ministerio e só deberá acreditar que o seu título dá acceso aos estudos de máster no seu país de orixe. O

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

resto de persoas con estudos estranxeiros deberá estar en posesión dun título homologado ou declarado equivalente polo Ministerio ou solicitar na USC o recoñecemento de equivalencia do nivel de formación dos seus estudos para os efectos de ingreso en titulacións de máster.

A admisión e a matrícula terán carácter provisional, condicionadas á concesión do recoñecemento de equivalencia do nivel de formación da titulación de acceso de conformidade co disposto no artigo 18.2 do Real decreto 822/2021, así como ao cumprimento dos requisitos específicos que se establezan para cada máster. Para o recoñecemento de equivalencia do nivel de formación dos seus estudos deberán presentar no momento da matrícula ou no prazo de 10 días contados desde o seguinte ao da súa formalización, a correspondente solicitude no Servizo de Xestión Académica, xunto cos documentos académicos debidamente legalizados e traducidos e, cando corresponda, os documentos orixinais pertinentes que acrediten o cumprimento dos requisitos específicos.

A resolución desestimatoria da equivalencia de estudos estranxeiros cursados para o ingreso nos másteres oficiais suporá a anulación de todos os actos que se derivan da admisión e matrícula.

Tamén procederá a anulación cando non se acredite o cumprimento dos requisitos específicos establecidos para a admisión no máster concreto.

41.1. MODIFICACIÓN DE MATRÍCULA DE ESTUDANTADO QUE INICIA ESTUDOS A TRAVÉS DA CONVOCATORIA ANTICIPADA

As persoas matriculadas na convocatoria anticipada poderán modificar a súa matrícula durante o prazo de modificación do primeiro semestre coa orientación que reciban do propio máster, sen que lles sexa de aplicación os límites recollidos no apartado 9 desta convocatoria para as modificacións do primeiro prazo.

42. COMPLEMENTOS FORMATIVOS

Se no máster se establecesen complementos formativos, a matrícula destes realizarase conxuntamente coa das demais materias, de acordo ás seguintes normas:

- O estudantado que inicie estudos poderá matricularse nos complementos formativos que desexe.

- O estudantado que se matricule no segundo curso do máster deberá matricularse en todos os complementos formativos que teñan pendentes.

- As persoas que se matriculen a tempo parcial poderán matricularse, ademais dos 30 ECTS dos que deben matricularse obrigatoriamente, nos complementos formativos que desexe.

O límite máximo de créditos na matrícula será 75 ECTS, sen contar os créditos correspondentes ás prácticas extracurriculares e ao TFM.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

43. TITULACIÓNS CONXUNTAS

Nos másteres interuniversitarios o estudantado poderá solicitar simultaneamente praza en cada unha das universidades, pero só poderá matricularse definitivamente nunha universidade. O estudantado matriculado ao que se lle adxudicou praza noutra universidade poderá desistir da súa matrícula no prazo xeral de desistencia que se indica nesta convocatoria.

O estudantado de titulacións conxuntas formalizará a matrícula mediante os procedementos, normas de liquidación de prezos e prazos establecidos pola universidade na que se matricule.

A matrícula será única e comprenderá todas as materias que pretenda cursar nas distintas institucións. Para estes efectos, deberá indicar no momento de formalizar a matrícula as disciplinas que pretenda cursar noutra ou noutras universidades.

O estudantado de titulacións conxuntas matriculado noutra das universidades do consorcio interuniversitario e que se matricule de materias impartidas na USC, unha vez comunicada oficialmente esta circunstancia por parte da universidade de orixe, será dado de alta no sistema informático e terá os dereitos que se establezan no convenio interuniversitario correspondente.

43.1. ESTUDANTADO DE CONTINUACIÓN EN TITULACIÓNS CONXUNTAS

O prazo de matrícula será o establecido para a matrícula de continuación de estudos nos Másteres universitarios.

Salvo que o convenio aplicable estableza outra cousa, non se poderá cursar materias suspensas noutra universidade nin estar matriculado simultaneamente en máis dunha universidade.

IV. ESTUDOS DE DOUTORAMENTO

Esta convocatoria regula a matrícula das persoas que inicien ou continúen os estudos de doutoramento ao abeiro do Real decreto 99/2011.

44. REQUISITOS DE ACCESO

Os requisitos de acceso para o estudantado de inicio nos estudos de doutoramento ao abeiro do Real decreto 99/2011 serán os establecidos na normativa vixente e desenvolvidos no Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC .

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Con carácter xeral para o acceso a un Programa Oficial de Doutoramento será necesario estar en posesión dos títulos oficiais españois de Grao, ou equivalente, e de Máster Universitario Oficial. No Anexo III figuran os requisitos de acceso establecidos no Real Decreto 99/2011.

45. PROCEDEMENTO DE ADMISIÓN

A solicitude de admisión nun Programa de Doutoramento realizarase polo procedemento descrito no apartado 5 desta convocatoria, nos prazos que se establecen no Anexo I.

O estudantado cubrirá os datos persoais e de acceso requiridos na solicitude de admisión, incluíndo na mesma o documento de identidade e a copia da titulación de acceso e, de ser o caso, achegará na mesma os documentos específicos que se lle esixan por parte do Programa de Doutoramento no que solicita a admisión.

As comisións académicas dos programas de doutoramento (CAPD) realizarán a selección do estudantado en base aos seus criterios de admisión. O Servizo de Xestión Académica publicará as listaxes provisionais de admitidos e excluídos no Taboleiro Electrónico da USC.

Contra a resolución publicada das listaxes provisionais de admisión, o estudantado poderá presentar reclamación no prazo establecido no Anexo I. Estas alegacións, xunto coa documentación xustificativa asociada, dirixiranse ao Servizo de Xestión Académica, que posteriormente as remitirá ao Coordinador da CAPD, e presentaranse a través da Sede Electrónica da USC ou en calquera dos lugares indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Recoméndase que o solicitante, co fin de axilizar a resolución das reclamacións, envíe unha copia da reclamación presentada ao enderezo electrónico institucional do programa de doutoramento correspondente.

Unha vez resoltas, as CAPD darán traslado ao Servizo de Xestión Académica quen publicará no Taboleiro Electrónico da USC as listaxes definitivas de persoas admitidas, así como a listaxe de agarda, de ser o caso, para realizar estudos de doutoramento no curso académico 2025/26.

Para garantir o dereito de igualdade de oportunidades das persoas con discapacidade, cando se presenten solicitudes de admisión a estudos de Doutoramento por parte de persoas afectadas por un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%, ou por persoas con necesidades educativas especiais permanentes asociadas a circunstancias persoais de discapacidade, e non resulten admitidos segundo os criterios xerais establecidos en cada procedemento, habilitarase un aumento de ata o 5% das prazas ofertadas na titulación correspondente, co mínimo dunha praza.

45.1. COMPLEMENTOS DE FORMACIÓN

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Se a persoa carece da formación previa esixida, o programa requirirá a superación duns complementos de formación específicos. A CAPD determinará os complementos que deberán ser concretados para cada persoa sen que se poidan superar os 15 ECTS.

Os complementos de formación deberán superarse nun prazo máximo dun curso académico a contar desde que a persona doutoranda poida formalizar a matrícula. De non facelo así, a persoa causará baixa definitiva no programa.

Estes complementos de formación específica poderán ser de materias ou módulos de máster universitario e/ou de grao e terán, para os efectos de prezos públicos e de concesión de bolsas e axudas ao estudo, a consideración de formación de nivel de doutoramento.

45.2. LISTAXE DE AGARDA. PRAZAS VACANTES

Rematado o prazo de matrícula do primeiro período de admisión, naqueles programas nos que quedasen prazas vacantes procederase a convocar ás persoas da listaxe de agarda. Para os chamamentos por listaxe de agarda remitirase unha mensaxe ao correo electrónico sinalado na solicitude de admisión, concedéndolle un prazo de tres días para aceptar a praza.

A persoa convocada pola listaxe de agarda deberá enviar un e-mail de resposta ao enderezo doutoramento@usc.gal para aceptar ou renunciar á praza ofertada e poder autorizalo a matrícula. No caso de non remitir a resposta de aceptación da praza ofertada nos tres días indicados, enténdese que renuncia á praza adxudicada e continuarán os chamamentos por orde de publicación da listaxe de agarda.

Se rematado o prazo do primeiro período de admisión e matrícula quedaran prazas vacantes serán ofertadas no 2º período de solicitude no prazo indicado no Anexo I e acorde ao mesmo procedemento previsto para a primeira convocatoria.

46. MATRÍCULA

A matrícula dos programas de doutoramento ao abeiro do Real decreto 99/2011 inclúe tanto a tutela académica como outros aspectos organizados de formación investigadora que non requiren a súa estruturación en ECTS (formación transversal e a específica no ámbito de cada programa). A matrícula dos créditos transversais formalizarase a través da Secretaría Virtual, nos prazos establecidos en cada actividade. En canto a matrícula na formación específica estarase ao que estableza cada programa.

46.1. ESTUDANTADO DE INICIO

O estudantado que inicie estudos, deberá formalizar, a través da Secretaría Virtual, a matrícula de tutela académica e, cando corresponda, dos complementos de formación nos prazos do Anexo I.

A matrícula considerarase definitiva, unha vez comprobado que se reúnen os requisitos de acceso e a veracidade dos documentos achegados.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

46.1.1. Estudantado con titulación de acceso estranxeira

As persoas con titulación de acceso estranxeira poderán acreditar a homologación ou equivalencia outorgada polo Ministerio ou ben solicitar o recoñecemento de nivel de formación para acceder a estudos de doutoramento outorgada pola USC, respecto dos seus títulos de Grao e Máster que dean acceso aos estudos de doutoramento no seu país de orixe.

O recoñecemento do nivel de formación, deberá solicitarse no Servizo de Xestión Académica da USC unha vez admitido, no momento da realización da matrícula nos estudos de doutoramento ou no prazo de 10 días a contar desde o día seguinte ao da súa formalización, e terá como único efecto o acceso aos estudos de doutoramento solicitados.

46.2. ESTUDANTADO DE CONTINUACIÓN

O estudantado admitido nun Programa de Doutoramento deberá matricularse anualmente a través da Secretaría Virtual en concepto de tutela académica nos prazos establecidos no Anexo I.

Excepcionalmente, o estudantado estranxeiro que precise formalizar a matrícula con anterioridade aos prazos establecidos no Anexo I para poder obter os permisos necesarios para residir en España no curso académico 2025/26, poderá solicitalo a partir da entrada en vigor da convocatoria de matrícula.

Se a persoa doutoranda, ao abeiro do Real decreto 99/2011, non realiza a matrícula anual nun curso académico, causará baixa definitiva no programa.

46.2.1. Cambio de Programa de Doutoramento

O cambio de Programa de Doutoramento deberá ser autorizado pola EDIUS, previa solicitude xustificada do doutorando e cos informes das CAPD dos programas implicados.

46.3. SIMULTANEIDADE DE ESTUDOS ENTRE UN PROGRAMA DE DOUTORAMENTO E OUTROS ESTUDOS UNIVERSITARIOS

Para a simultaneidade de matrícula nun Programa de Doutoramento coa matrícula noutros estudos universitarios oficiais (grao ou máster universitario), terase en conta o seguinte:

a) Permítese a simultaneidade da matrícula nun programa de doutoramento coa matrícula noutros estudos universitarios oficiais (grao e/ou mestrado universitario), cun máximo de 90 ECTS. Para estes efectos, a matrícula nun programa de doutoramento a tempo completo será equivalente a 60 ECTS, mentres que a matrícula a tempo parcial terá un valor de 30 ECTS.

b) Non se poderá realizar a matrícula simultánea en dous programas de doutoramento.

47. DEDICACIÓN

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

A matrícula será, por defecto, con dedicación a tempo completo. Poderase solicitar o cambio de dedicación sempre e cando se xustifique a existencia dalgún dos motivos regulados no Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC.

Todas as solicitudes de cambio de dedicación serán avaliadas pola CAPD.

Con carácter xeral, o cambio de dedicación a tempo parcial deberá solicitarse en cada curso académico durante o período de matrícula ordinario. Extraordinariamente, a modificación das circunstancias laborais, familiares ou persoais da persoa doutoranda fóra dos prazos ordinarios de matrícula poderá propiciar o cambio da dedicación noutros períodos. A autorización ou denegación do cambio corresponderá á CAPD mediante informe razoado.

A autorización concedida pola CAPD correspondente, trasladarase ao expediente da persoa interesada no que se indicará o novo prazo límite establecido para a solicitude de defensa da tese.

48. BAIXAS E PRÓRROGAS

Polo que se refire as situacións de baixa temporal, baixa definitiva e prórrogas nos programas de doutoramento no que estea matriculado o estudantado, estarase ao disposto no Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC. Nas baixas definitivas non procederá a devolución do importe da matrícula aboado pola tutela anual.

49. MATRÍCULA DE ESTADÍAS DE INVESTIGACIÓN

O estudantado de doutoramento doutras universidades que se incorpore temporalmente á USC para realizar unha estadía de investigación con tutela académica na USC relacionada coa súa tese de doutoramento ou investigación, ben mediante un convenio de intercambio (SRE ou outros centros da USC) ou ben por autorización da universidade de orixe da persoa interesada para a realización da mesma, formalizará unha matrícula de tutela académica na modalidade de "matrícula por estadía", polo período contemplado no respectivo convenio ou autorización.

A matrícula por estadías formalizarase nas Unidades de Xestión Académica, durante o curso académico, previa autorización do Programa de Doutoramento onde realizará a estadía. A solicitude, en todo caso, formalizarase antes do inicio da mesma e independentemente da súa duración cubrindo o formulario da solicitude correspondente e achegando os documentos necesarios para a súa formalización (copia do DNI ou pasaporte e documento de invitación ou autorización do organismo de orixe da persoa interesada).

O estudantado matriculado na modalidade de estadía aboará os prezos públicos correspondentes á matrícula da Tutela Académica establecidos no Decreto da Xunta de Galicia se a estadía é entre 6 meses e un curso completo, o 50% se a duración da estadía é de 3 a 6 meses e o 25% se a duración é inferior a 3 meses. Tamén deberá aboar o seguro obrigatorio establecido polo Consello de Goberno de 26 de xuño de 2009.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

A matrícula de estadía estará vixente dentro dos períodos establecidos na matrícula e no calendario académico da USC, debendo renovar a matrícula, se a persoa continúa nesta universidade, ao rematar un curso académico e comezar outro. A matrícula dará os dereitos establecidos para o acceso aos diferentes servizos da USC durante a súa estadía.

50. SOLICITUDE DE DEFENSA DA TESE DE DOUTORAMENTO

Para a formalización da solicitude de defensa de tese, o estudantado debe estar matriculado no curso académico correspondente, polo que as persoas que realicen a solicitude de defensa da tese despois do 31 de agosto de 2025, terán previamente que matricularse no curso académico 2025/26, de acordo co calendario académico aprobado polo Consello de Goberno.

As solicitudes de defensa de tese presentaranse polo doutorando diante da Comisión Académica do programa xunto coa documentación requirida, tramitándose acorde o disposto no Regulamento de Estudos de Doutoramento.

51. AVALIACIÓN ANUAL

Anualmente, o estudantado dos Programas de Doutoramento, deberá ser avaliado. A avaliación realizarase conforme ao procedemento e os prazos que se establezan.

As persoas doutorandas que obtiveran unha primeira e unha segunda avaliación anual negativa no curso 2025/26, causarán baixa definitiva no programa, segundo o establecido no Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC.

V. ESTUDOS CONDUCENTES A TITULOS PROPIOS

52. NORMA COMÚN PARA OS TÍTULOS PROPIOS E OUTRAS ACTIVIDADES E SERVIZOS ACADÉMICOS

O disposto no apartado 4 respecto á validez e efectos da matrícula, así como o disposto no apartado 9.1 sobre desistencia de matrícula é de aplicación para os estudos conducentes aos títulos propios así como ao resto das actividades e servizos académicos, coas particularidades que establezan as convocatorias específicas.

53. DIPLOMA SUPERIOR EN XESTIÓN HOTELEIRA

Respecto aos estudos de continuación do título propio de Diploma Superior en Xestión Hoteleira e para o non regulado especificamente no convenio, os estudos rexeranse polas normas do Centro Superior de Hostelería de Galicia.

54. GRAN DIPLOMA DE ESPECIALIZACIÓN ORQUESTRAL

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Respecto á matrícula do título propio de Gran Diploma de Especialización Orquestral e para o non regulado especificamente no convenio, os estudos rexeranse polas normas da Escola de Altos Estudos Musicais.

O estudantado matricularase na Unidade de Xestión Académica do Campus Norte. Dos prezos aboados corresponderá á USC a cantidade equivalente ao 25% dos prezos públicos en ensinanzas de posgrao correspondentes ao número de créditos que se impartan no curso. O estudantado deberá aboar o seguro obrigatorio establecido para o da USC.

55. ESTUDOS PROPIOS, FORMACIÓN CONTINUA E FORMACIÓN ESPECÍFICA

55.1 ADMISIÓN

A persoa que desexe realizar Estudos Propios (Máster de Formación Permanente, Diploma de Especialización, Diploma de Experto/a; Cursos de Formación Continua; e Cursos de Formación Específica), deberá solicitar a súa admisión a través da Secretaría Virtual da USC no prazo que para cada curso se sinale na oferta do presente curso académico.

A xestión do proceso de selección para a admisión do estudantado dun curso corresponde á dirección deste, aplicando os criterios que fosen aprobados polos órganos competentes e debidamente publicados na oferta.

No caso dos Másteres de Formación Permanente e dos Diplomas de Especialización e de Experto/a, deberá ser oída a Comisión académica do curso.

A admisión nun curso propio implica a autorización da matrícula das persoas interesadas no prazo que corresponda. No caso de realización de materias prácticas, deberán aportar o documento xustificativo do NUSS, tal e como se exixe nas titulacións oficiais.

Se a dirección do curso denegase a admisión dunha persoa interesada, esta poderá achegar, no prazo de cinco días hábiles, documentación acreditativa de que cumpría os requisitos pertinentes antes da finalización do período de admisión ou alegar que foron aplicados incorrectamente os criterios de selección.

A dirección do curso deberá resolver o que proceda no prazo de tres días hábiles.

Os Másteres de Formación Permanente, Diplomas de Especialización e Diplomas de Experto esixirán os mesmos requisitos de acceso que os Másteres oficiais. Poderá ser admitido o estudantado ao que lle reste por superar o TFG e, como máximo, 9 ECTS correspondentes á titulación de acceso requirida. Neste caso, non poderá obter o título ou diploma quen previamente non obtivera o título de Grao.

Os criterios de admisión están establecidos no Acordo de Consello de Goberno de 30 de marzo de 2023 polo que se aproba o Regulamento de Estudos Propios da USC e na oferta pública de cada actividade.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

55.2. MATRÍCULA

Rematado o proceso de admisión, o estudantado admitido nos cursos, deberá matricularse a través da Secretaría Virtual nos prazos establecidos.

O estudantado deberá matricularse dos créditos que figuren na programación do curso, sen prexuízo da posibilidade do posterior recoñecemento de créditos, cando proceda.

O estudantado de cursos de estudos propios estará obrigado ao pago do seguro obrigatorio de accidentes e asistencia en viaxe para o estudantado da USC, agás no caso de cursos non presenciais nos que non existan prácticas ou probas de avaliación presenciais.

55.2.1. Máster de Formación Permanente, Diploma de Especialización e Diploma de Experto /a.

A matrícula formalizarase nos prazos indicados na convocatoria respectiva a través da Secretaría Virtual.

As persoas con titulacións expedidas fóra do Espazo Europeo de Educación Superior, deberán acreditar a homologación ou declaración de equivalencia a titulación o nivel académico do seu título polo Ministerio ou solicitar o recoñecemento de equivalencia do nivel dos seus estudos estranxeiros no Servizo de Xestión Académica da USC. Neste segundo caso, a solicitude de recoñecemento deberá facerse no momento de formalizar a matrícula ou no prazo de 10 días a contar desde o día seguinte ao da realización da matrícula.

Ademais, deberán aboar as tarifas establecidas de matrícula, na forma que determine a convocatoria do curso.

55.2.2. Cursos de Formación Continua e Cursos de Formación Específica.

Formalizarase nos prazos indicados na convocatoria a través da Secretaría Virtual.

Ademais, aboaranse as tarifas establecidas de matrícula, na forma que determine a convocatoria do curso.

55.2.3. Desistencia de Matrícula

Poderase solicitar a desistencia de matrícula, se se efectúa nos 5 días hábiles posteriores á data de fin do prazo daquela. A desistencia dará dereito a devolución do seu importe, agás o importe correspondente ao seguro obrigatorio de accidentes e asistencia en viaxe para o estudantado da USC.

As solicitudes presentadas con posterioridade ao comezo das actividades do curso non darán lugar a devolución, salvo causas imputables á Universidade ou causa de forza maior debidamente acreditada. En todo caso, será preciso ademais informe favorable da Comisión Académica ou da Dirección do Curso.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

55.3. RECOÑECEMENTO DE ESTUDOS PROPIOS DA USC.

O prazo para formalizar a solicitude de recoñecemento total ou parcial de Estudos Propios da USC será o prazo de matrícula nos correspondentes estudos que se estean impartindo na USC, segundo a oferta aprobada pola Universidade, e conforme ao establecido no artigo 32 do Regulamento de Estudos propios da USC. A resolución da solicitude dará dereito á modificación da matrícula nos termos xerais establecidos nesta convocatoria.

56. CUARTO CICLO E OUTROS ESTUDOS

A matrícula do estudantado dos estudos de cuarto ciclo rexerase polo Acordo de Consello de Goberno de 28 de maio de 2021 polo que se aproba o Regulamento de Estudos do Programa Universitario para Maiores do IV Ciclo, e subsidiariamente polo disposto nesta convocatoria.

O prazo de matrícula en cuarto ciclo é o establecido no apartado F5 do Anexo I.

A matrícula noutros estudos non contemplados nesta convocatoria rexerase polas súas convocatorias específicas, sen prexuízo de que as normas contidas nesta convocatoria sexan aplicables con carácter subsidiario.

VI. PREZOS POR ESTUDOS E ACTIVIDADES ACADÉMICAS

57. PREZOS A PAGAR

As matrículas formalizadas na USC, en calquera dos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais cursados en centros propios ou adscritos, reportarán as tarifas que anualmente establece o Decreto da Consellería que ten competencias na materia.

As persoas que formalicen matrícula en calquera estudo conducente á obtención dun título propio deberá aboar as tarifas que para este aprobase o Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela.

O estudantado deberá aboar, ademais, as tarifas comúns ás titulacións oficiais e propias que se regulan no apartado 58 desta convocatoria.

Os estudos cursados en modalidade híbrida e virtual devindicarán os prezos dos estudos en réxime ordinario correspondentes.

O estudantado matriculado polo réxime de estudante visitante e matrícula extraordinaria aboará os prezos que determine o Consello Social.

PREZOS DE MATRÍCULA NUNHA DOBRE TITULACIÓN (PROGRAMAS INTEGRAIS DE TITULACIÓNS DOBRES)

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

O estudantado matriculado nun programa de dobre titulación (programa integral de titulacións dobres) deberá aboar os prezos correspondentes á matrícula que efectúe, como se se tratase dunha soa titulación. Para os efectos de liquidacións, deducións e devolucións considerarase que o programa integral é unha única titulación.

PREZOS POR MATRÍCULA NAS PRÁCTICAS TUTELADAS (ESTADÍAS) DO GRAO EN FARMACIA

A matrícula nas estadías reportará as tarifas correspondentes a 24 ECTS, aplicándose a tarifa que se establece no Decreto polo que se aproban os prezos públicos e serán de aplicación os mesmos beneficios e exencións que para as demais materias da titulación.

PREZOS POR MATRÍCULA EN PRÁCTICAS EXTRACURRICULARES

A matrícula nas prácticas extracurriculares deinvidicará os prezos que se establezan, en función do número de ECTS matriculados, en consonancia coas horas de prácticas a realizar polo estudantado.

58. PREZOS COMÚNS ÁS TITULACIÓNS OFICIAIS E PROPIAS

58.1 APERTURA DE EXPEDIENTE

Aboará a tarifa por este concepto o estudantado que inicie estudos nunha titulación, con independencia da forma de acceso. Igualmente reportará estes prezos o estudantado que traslade o seu expediente desde outra universidade para continuar os mesmos ou outros estudos na USC.

Os prezos por apertura de expediente aboaranse por cada titulación na que se inscriba o estudantado.

58.2. EXPEDICIÓN E MANTEMENTO DA TARXETA UNIVERSITARIA DE IDENTIDADE (TUI)

Esta tarifa aboarase anualmente conxuntamente coa matrícula en concepto de expedición ou mantemento. Aboarase unha soa vez por curso académico, calquera que sexa a titulación ou titulacións das que se matricule a persoa.

58.3. SEGURO ESCOLAR

O estudantado da Universidade de Santiago de Compostela menor de 28 anos que curse estudos oficiais está obrigado ao pagamento do seguro escolar, segundo as normas estatais ao respecto. Este seguro aboarase unha soa vez por curso académico, independentemente das titulacións que se cursen.

O estudantado poderá subscribir o seguro complementario de accidentes, obrigatorio para outros colectivos.

58.4. SEGURO OBRIGATORIO

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

O estudantado que curse estudos na USC e estea fóra da cobertura do seguro escolar, así como o que teña nacionalidade distinta da española, está obrigado á subscrición dun seguro obrigatorio segundo o establecido no Acordo do Consello Goberno de 26 de xuño de 2009 polo que se establece un seguro obrigatorio de accidentes e asistencia en viaxes para estudantes da USC.

Tamén estará obrigado ao pagamento deste seguro, o estudantado que curse estudos noutra universidade ou institución educativa en virtude de programas ou convenios interuniversitarios de intercambio. A liquidación deste seguro farase coa matrícula. En caso de estudantado da USC cuxo período de intercambio comece antes do inicio de matrícula, poderá aboalo a través da dirección electrónica habilitada ao efecto.

Poderá exceptuarse deste deber a matrícula nos cursos de formación continua con docencia e avaliación exclusivamente virtual sempre que a convocatoria concreta así o estableza.

O seu importe será o que fixe a USC para cada curso académico. O seu aboamento farase por cada estudo que estea incluído no ámbito de aplicación do Acordo de Consello de Goberno de xuño de 2009 do que estea matriculado o estudantado. Para estes efectos considerarase calquera actividade académica, independentemente de:

A duración e a consideración que teña:estudos oficiais, títulos propios, requisitos formativos complementarios, probas de avaliación e homologación, cursos de verán, actividades do CLM, Instituto de Criminoloxía, defensa ou exposición de traballos, etc.

O tipo de matrícula:ordinaria, extraordinaria, estudantado visitante, etc.

A modalidade presencial ou híbrida e virtual dos estudos correspondentes. A estes efectos a modalidade virtual rexerase pola súa propia normativa.

Non obstante, no caso de que unha persoa estea inscrita en máis dunha actividade no mesmo curso académico, poderá quedar exento do pagamento da cota do seguro nun estudo concreto, sempre que se dean as seguintes condicións:

Que o estudantado teña pagado o importe nunha actividade ou estudo de carácter similar ou sometida ao mesmo réxime da segunda actividade, sempre que a primeira actividade sexa de duración igual ou superior á segunda actividade.

Que as inscricións nas actividades ou estudos correspondan ao mesmo curso académico (do 1 de setembro ao 31 de agosto).

58.5. ABOAMENTO DOS PREZOS DO PROGRAMA DE ATENCIÓN PARA ESTUDANTADO ESTRANXEIRO APROBADO POR ACORDO DO CONSELLO SOCIAL DE 26 DE MAIO DE 2016

O Programa de Atención a Estudantes Extracomunitarios (PATEX), ten como obxectivo proporcionar unha atención personalizada, integral e específica para o extracomunitario.

Este Programa ten dúas modalidades:

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

PATEX Básico - os prezos correspondentes a esta modalidade liquidaranse conxunta e indivisiblemente co resto de prezos por matrícula, tendo a consideración de prezos públicos a todos os efectos. En consecuencia aos prezos do PATEX Básico seranlle de aplicación as exencións e reducións legalmente previstas.

PATEX Avanzado - inclúe un paquete de servizos voluntarios. Os prezos do programa de atención PATEX Avanzado liquidaranse nun só pagamento non sendo posible o seu fraccionamento. Do mesmo xeito non será aplicable ningún tipo de redución ou bonificación sobre o importe que corresponda.

Só no caso de desistencia dentro do prazo establecido se devolverían os prezos aboados polo programa modalidade PATEX Avanzado.

59. RESIDENCIA

O estudantado procedente de países alleos ao EEES que non acredite residencia de longa duración ou permanente en España, aboará o importe fixado no Decreto de Prezos Públicos e na normativa de desenvolvemento da USC.

Sen prexuízo das condicións que poida determinar o Decreto de Prezos Públicos, a efectos do disposto nesta convocatoria teñen a condición de residentes exclusivamente:

- Os que ostenten a nacionalidade española ou de calquera país membro da UE.

- Os que adquiran a condición de residente de longa duración ou permanente.

En relación co recoñecemento da condición de residente de longa duración ou permanente do estudantado de nacionalidade estranxeira, esta quedará acreditada pola presentación de Tarxeta de Identificación de Estranxeiros (TIE).

O estudantado nacional de países da Unión Europea e aqueles a quen sexa de aplicación o réxime comunitario, non precisan acreditar a condición de residentes a efectos da determinación dos prezos de matrícula xa que está considerado como non estranxeiro.

Non obstante, se algunha persoa estranxeira presenta outra documentación distinta por non poder presentar a TIE, solicitarase informe do SXA para poder aceptar a devandita documentación.

Cando sexa posible, a universidade consultará a condición de residencia legal nas plataformas de intermediación de datos ou noutros sistemas electrónicos habilitados para o efecto.

60. FORMAS DE PAGAMENTO DOS PREZOS PÚBLICOS

60.1. FORMAS DE PAGAMENTO

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

O pagamento de prezos públicos poderá efectuarse ao contado ou fraccionado (nos casos que se estableza). O pago fraccionado require domiciliación bancaria.

O pagamento ao contado poderá efectuarse por domiciliación bancaria e en efectivo, ben por pagamento presencial nunha entidade bancaria ou mediante tarxetas de débito ou crédito. Esquematicamente:

FORMAS DE PAGAMENTO

<table>
<tr><td rowspan="6">PAGAMENTO EN EFECTIVO</td><td rowspan="2">No banco</td><td>Presencial na oficina bancaria</td></tr>
<tr><td>Caixeiro automático</td></tr>
<tr><td rowspan="4">Con tarxeta de débito ou crédito</td><td>Páxina web de autoliquidacións</td></tr>
<tr><td>Por pasarela de pagamento (Xescampus)</td></tr>
<tr><td>Terminal Punto de Venta (TPV)</td></tr>
<tr><td>Aplicación de pagamento para móbiles</td></tr>
<tr><td colspan="3">PAGAMENTO POR DOMICILIACIÓN BANCARIA</td></tr>
</table>

O pagamento en efectivo deberá realizarse en calquera das catro entidades bancarias colaboradoras coa USC:ABANCA, Caixa Rural Galega, La Caixa e Banco Santander.

En aplicación da normativa de implantación da Zona Única de Pagamento en Euros (SEPA), a domiciliación bancaria unicamente poderá facerse nunha conta na que a persoa interesada figure como titular ou cotitular.

No primeiro prazo de matrícula o estudantado poderá optar polo pagamento íntegro ou fraccionado en tres prazos. Se se opta polo pagamento íntegro ao contado este efectuarase nos quince días naturais seguintes ao de formalización da matrícula. Se se opta polo pagamento íntegro por domiciliación bancaria o cargo efectuarase nos días seguintes ao da formalización da matrícula.

De optar polo fraccionamento do pagamento da matrícula, o primeiro prazo consistirá no 50% do importe da mesma e o cargo efectuarase nos días seguintes ao da formalización da matrícula. O pagamento do segundo prazo e do terceiro serán do 25% do importe da matrícula cada un e cargaranse na conta a partir do día 2 de decembro de 2025 e do día 3 de marzo de 2026 respectivamente.

Cando se autorice a matrícula ou modificación de matrícula a partir do mes de decembro e antes de marzo, poderase fraccionar o pagamento en 2 prazos:o primeiro será o 75% do importe da matrícula e cargarase na conta nos días seguintes á data de emisión da liquidación. O segundo prazo polo restante 25% aboarase a partir do 3 de marzo de 2026.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Non se admitirán fraccionamentos de pagamento nas matrículas e modificacións de matrícula que se realicen a partir do mes de marzo.

O estudantado que solicite acollerse á modalidade de pagamento fraccionado deberá domiciliar o pagamento, non se admitirá o pagamento fraccionado en efectivo ou por tarxeta.

A matrícula de tutela académica nos estudos de doutoramento realizarase nun único pagamento.

Os conceptos de apertura de expediente, tarxeta universitaria de identidade e seguro escolar ou obrigatorio non poderán fraccionarse, liquidaranse integramente xunto co primeiro prazo.

Así mesmo, nos devanditos conceptos non serán aplicables as reducións e exencións recollidas no apartado 61, salvo que neste se indique expresamente.

Nas liquidacións en efectivo, os importes deberán ser aboados nun prazo máximo de 15 días naturais a partir da data que figura na emisión da correspondente liquidación. Nestes casos figurará o prazo de pagamento e en caso de non facelo no prazo establecido devindicará a recarga executiva establecida na Lei Xeral Tributaria.

No caso dos pagamentos por domiciliación, a devolución do cargo tamén devindicará a recarga executiva establecida na Lei Xeral Tributaria.

60.2. CONFIRMACIÓN DO PAGAMENTO DA MATRÍCULA

A confirmación de ingresos e conciliación da liquidación da matrícula realizarase de xeito automático entre a entidade bancaria colaboradora e a USC a través da Subárea de Contabilidade.

A persoa interesada non precisa presentar ningún recibo acreditativo para xustificar o pagamento da matrícula, agás que en circunstancias excepcionais lle sexa requirido.

Os servizos engadidos aos estritamente académicos que ofrece a USC (Secretaría Virtual, TUI, envío de notas por SMS, Campus Virtual, etc.) están condicionados ao aboamento efectivo dos prezos establecidos de tal forma que, aínda sen iniciarse o procedemento de recadación de falta de pagamento, a USC resérvase o dereito de suspendelos se non se verifican os pagamentos nos prazos establecidos, especialmente para importes inferiores a 50 euros. O aviso da suspensión destes servizos notificarase á dirección de correo declarada pola persoa e esta suspensión de servizos cancelarase co aboamento da cantidade non pagada.

60.3. CÁLCULO DA RECARGA POR RETRASO NO PAGAMENTO

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

O importe da recarga por falta de pagamento calcularase engadindo ao importe debido a porcentaxe establecida como recarga executiva na Lei Xeral Tributaria.

61. EXENCIÓN, BONIFICACIÓN, REDUCIÓN E SUBVENCIÓN DO PAGO DE PREZOS

Para que sexa de aplicación calquera exención, bonificación, redución ou subvención de prezos públicos o estudantado deberá declaralo no momento de formalizar a matrícula.

61.1. SOLICITANTES DE BOLSA DO MINISTERIO DE EDUCACIÓN

Os solicitantes de bolsa de estudos da convocatoria xeral do Ministerio de Educación poderán adiar o pagamento das tarifas de materias en primeira matrícula ata que se resolva a súa petición, agás que non reúnan os requisitos esixidos polas convocatorias do Ministerio de Educación, debendo neste caso aboar o importe correspondente no caso de que non resulte beneficiario doutra exención. No caso de que o estudantado tivera pagado a matrícula e lle fora concedida a bolsa a universidade procederá de oficio á devolución dos prezos aboados.

O estudantado ao que lle sexa denegada a bolsa solicitada e non sexa beneficiario da bonificación prevista para os estudos de grao, deberá proceder ao seu pagamento nos 10 días naturais seguintes á recepción da notificación.

O estudantado que se matricule como solicitante de bolsa aboará, de acordo co establecido na normativa do Ministerio para este curso, o importe das materias en segunda e sucesivas matrículas. A exención por bolsa só abarca os créditos necesarios para a obtención do título, polo que a persoa solicitante tamén deberá aboar os créditos dos que se matricule en exceso.

En calquera suposto, os bolseiros aboarán os importes correspondentes por recoñecemento de créditos, validación de materias, apertura de expediente, tarxeta de identidade e seguro escolar.

Respecto do estudantado matriculado como solicitante de bolsa, cando se detecte que nas bases de datos do ministerio non constaba que cumprise os requisitos económicos da bolsa para os estudos matriculados nesta universidade no momento da matrícula ou non presentou a solicitude, sen resultar aplicable a bonificación de matrícula para os estudos de grao, actuarase iniciando o procedemento de recadación de impagos segundo a Resolución reitoral do 20 de decembro de 2017 sobre o pagamento e recadación de impagos por matrícula.

61.2. SOLICITANTES DE BOLSA E BOLSEIROS DOUTROS ORGANISMOS PÚBLICOS OU PRIVADOS

A persoa solicitante ou beneficiaria dunha bolsa distinta ás referidas no apartado anterior, poderá acollerse á exención das tarifas por servizos académicos se a correspondente

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

convocatoria declara explicitamente, que a persoa beneficiaria está exenta do pagamento das tarifas, e que o organismo ou institución que a convoca compensará á universidade polo importe dos ingresos que por este motivo deixe de percibir.

De ser requirido, o estudantado deberá manifestar en que Diario Oficial foi publicada a convocatoria da bolsa ou a referencia ao convenio no que pretenda sustentar a exención.

61.3. MATRÍCULA DE HONRA

61.3.1. Exención no caso de inicio de estudos

Terá dereito a exención total dos prezos por servizos académicos, de acordo co disposto no decreto de prezos públicos, por unha soa vez, no primeiro curso de ensinanzas de grao, o estudantado que inicie estudos universitarios e acredite ter obtido:

a) Matrícula de honra global no segundo curso de bacharelato ou ciclo formativo de formación profesional de grao superior.

b) Premio extraordinario de bacharelato ou de formación profesional de grao superior.

c) Medalla en olimpíadas académicas acreditadas de ámbito nacional ou internacional.

61.3.2. Exención no caso de continuación de estudos

O estudantado de Grao e de Máster universitario con matrícula de honra nalgunha materia poderá aplicar o desconto por este concepto recollido no Decreto de Prezos aprobado pola Xunta de Galicia. Esta exención poderá aplicarse sempre que se cumpran todos os requisitos establecidos no citado decreto, sobre calquera materia matriculada por primeira vez, que sexa necesaria para obter o título, sempre que pertenza aos mesmos estudos nos que se obtivo a matrícula de honra ou a estudos da mesma rama de coñecemento. Esta exención aplicarase do mesmo xeito no caso de cursar unha segunda titulación de grao ou máster universitario na mesma rama de coñecemento e no curso inmediatamente seguinte a aquel en que se obtivo a dita mención. A dita exención aplicarase no caso de cursar o Máster universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas, independentemente da rama de coñecemento a que estea adscrito o grao de procedencia.

61.4. BENEFICIARIOS DE FAMILIAS NUMEROSAS

Acorde ao disposto na Lei de protección das familias numerosas, as persoas beneficiarias desta condición poderán acollerse a ela, sempre que o seu correspondente título acreditativo estea vixente nalgún momento do período ordinario de matrícula establecido no apartado 61.10, aínda que este momento non coincida co de matrícula da persoa beneficiaria ou ben acrediten solicitar a súa expedición ou renovación dentro de devandito prazo. Neste último suposto, deberá acreditar a súa posesión antes do 31 de decembro do ano en que se inicia o curso académico. De non telo feito en prazo non se aplicarán os beneficios por este concepto, aínda que presente o título de familia numerosa con posterioridade.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

As reducións por familia numerosa son aplicables aos prezos a aboar pola expedición de certificados, traslados e títulos e no seu caso aos que se establezan no Decreto de Prezos.

Se a persoa beneficiaria de reducións por familia numerosa con título vixente non se opón ao seu tratamento, a Universidade poderá obter este dato a través de plataformas de intermediación. No caso de que o estudantado se opoña a este tratamento ou que por problemas técnicos non se poida obter a información a través da plataforma de intermediación ou servizo electrónico habilitado para este efecto, deberá cumprir os deberes respecto da presentación da documentación (título ou copia da solicitude de expedición ou renovación) no momento da matrícula ou nos 10 días de prazo a contar desde o día seguinte ao da realización desta, ou no prazo establecido se fose requirido para iso. Se o título estivese vixente e o estudantado non cumprise o deber de presentación decaerá dos seus dereitos e deberá aboar os prezos ordinarios sen redución e coa recarga que puidese corresponder.

As reducións por familia numerosa serán tamén de aplicación ao estudantado de nacionalidade marroquí, sempre e cando acredite, mediante certificación expedida a tal efecto pola Embaixada de Marrocos en Madrid, que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos pola lexislación española para a expedición do correspondente título de familia numerosa.

61.5. OUTRAS EXENCIÓNS LEGALMENTE ESTABLECIDAS

Estará exento do pagamento das tarifas de matrícula o estudantado que estea nalgún dos seguintes supostos recoñecidos legalmente e conforme aos requisitos e condicións que estableza o Decreto de prezos públicos que se aproba cada ano:

61.5.1. Discapacidade

A persoa que teña recoñecido un grao de discapacidade en grao igual ou superior ao 33%.

Se a persoa beneficiaria non se opón a o seu tratamento, a Universidade poderá obter este dato a través de plataformas de intermediación ou servizo electrónico habilitado para este efecto. No caso de que a persoa se opoña a este tratamento ou que por problemas técnicos non se poida obter a información a través da plataforma de intermediación ou servizo electrónico habilitado para este efecto, a persoa interesada deberá presentar o documento acreditativo do grao de discapacidade expedido pola autoridade competente.

De acordo con establecido no Decreto de Prezos Públicos, este terá dereito á exención total de taxas e prezos públicos nos estudos conducentes á obtención dun título universitario dende a data do recoñecemento da discapacidade, polo que só terá que pagar o prezo do seguro obrigatorio ou voluntario.

O estudantado que no momento de formalizar a súa matrícula se acolla á exención de prezos públicos por ter solicitada no organismo competente a valoración do grao de

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

discapacidade, con anterioridade ao inicio do prazo de matriculación dos estudos aos que desexa acceder, deberá presentar xustificación desta circunstancia e de que comunicou ao citado organismo o carácter de urxencia conforme a normativa correspondente.

61.5.2. Vítimas de actos terroristas

Será de aplicación ás vítimas de actos terroristas ou que sexan fillos e fillas ou cónxuxes non separados legalmente de falecidos ou feridos en actos terroristas, sempre que os feitos se cometan en territorio español ou baixo xurisdición española ou nos casos concretos establecidos no artigo 6.2 da Lei 29/2011, de 22 de setembro, do Recoñecemento e Protección Integral ás Vítimas do Terrorismo.

Esta condición acreditarase de conformidade co disposto no artigo 4 bis, apartado 3, da Lei 32/1999, do 8 de outubro, de solidariedade coas vítimas do terrorismo, e deberá estar en vigor no período ordinario de matrícula.

61.5.3. Violencia de xénero

Será de aplicación ás persoas que sofren violencia de xénero así como aos seus fillos e fillas e menores de idade suxeitos á súa tutela e garda e custodia. De acordo co artigo 5 da Lei 11 /2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, esta situación acreditarase por calquera das seguintes formas:

Certificación da orde de protección ou da medida cautelar ou testemuño ou copia autenticada polo secretario xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar.

Sentenza de calquera orde xurisdicional que declare que a muller sufriu violencia de xénero.

Certificación e/ou informe dos Servizos Sociais e/ou Sanitarios da Administración Pública Autonómica ou Local.

Certificación dos Servizos de Acollida da Administración Pública Autonómica ou Local.

Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia.

Informe da Inspección de Traballo e Seguridade Social.

Calquera outro que se estableza legal ou regulamentariamente.

O documento acreditativo de dita condición deberá cumprir os requisitos establecidos no Decreto de Prezos Públicos que aproba anualmente a Xunta de Galicia e producirá efectos durante o período establecido no citado Decreto.

61.6. BENEFICIARIOS DA PRESTACIÓN DE INGRESO MÍNIMO VITAL

Os beneficiarios da prestación de ingreso mínimo vital aos que se lles recoñeza dita condición nos termos previstos na Lei 19/2021 do 20 de decembro pola que se establece o

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

ingreso mínimo vital, estarán exentos do pagamento de prezos públicos por servizos académicos universitarios para a realización dos estudos conducentes á obtención de títulos de carácter oficial.

A USC podería verificar directamente no Rexistro de Prestacións Sociais Públicas do INSS esta prestación, agás oposición expresa do estudantado. Neste último suposto seralles requirida a xustificación documental correspondente pola Unidade de Xestión Académica que corresponda.

61.7. BENEFICIARIOS DE AXUDAS E SUBVENCIÓNS DA UNIVERSIDADE

Os beneficiarios de axudas ao estudo establecidas pola USC poderán adiar o pagamento da matrícula ata que non se resolva a axuda ou subvención solicitada. Para iso deberán manifestar ao realizar a matrícula a súa condición de solicitante desta axuda ou subvención e achegar a información da persoa titular do dereito requirida (apelidos, nome, DNI, enderezo completo, credenciais da universidade á que pertence e mecanismos de aviso para a sede). A Sección de Bolsas e Axudas ao Estudantado notificará a través da sede electrónica da USC ás persoas titulares do dereito que teñen á súa disposición na Secretaría Virtual un formulario no que deberán facer constar a aceptación ou rexeitamento da solicitude de subvención.

Se non se cumpren os requisitos establecidos no parágrafo anterior ou se rexeita a solicitude actuarase iniciando o procedemento de recadación de impagos, segundo a Resolución reitoral do 20 de decembro de 2017 sobre o pagamento e recadación de impagos por matrícula.

Os solicitantes destas axudas deberán aboar as tarifas por apertura de expediente, tarxeta de identidade e seguro escolar.

61.8. BONIFICACIÓN POR CRÉDITOS SUPERADOS EN PRIMEIRA MATRÍCULA EN ESTUDOS DE GRAO

De conformidade co disposto no decreto de prezos públicos, o estudantado dos centros propios e adscritos terá dereito a unha bonificación equivalente ao 99% do prezo dos créditos que tivera superado en primeira matrícula nos estudos de grao, nas condicións e cos requisitos establecidos no dito decreto para o curso 2025/2026.

61.9. OUTRAS EXENCIÓNS.

Aplicaranse outras exencións que estean reguladas por disposicións normativas estatais ou da Comunidade Autónoma de Galicia, sempre que estean debidamente xustificadas.

A documentación acreditativa debe ser entregada no prazo de 10 días desde o día seguinte á data de matrícula.

61.10. VIXENCIA DAS EXENCIÓNS E REDUCIÓNS.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Se a persoa interesada é beneficiaria dalgunha bonificación ou exención cuxa acreditación non conste en poder da USC, e sempre que este non se opoña ao seu tratamento, a Universidade, sempre que sexa posible poderá obter este dato a través de plataformas de intermediación. No caso de que a persoa se opoña a este tratamento, deberá acreditalo no momento da matrícula ou no prazo máximo de 10 días a contar desde o día seguinte ao da formalización desta ou no momento en que solicite calquera outro trámite con dereito a exención ou bonificación.

Os documentos que acrediten o dereito a exencións, reducións ou subvencións de prezos deberán estar en vigor no período ordinario de matrícula. Para estes efectos entenderase por período ordinario de matrícula o prazo entre o 1 de xullo e o 15 de outubro de 2025.

Para as novas matrículas de inicio realizadas no segundo semestre, o título que outorga o dereito debe estar vixente no prazo correspondente do segundo semestre, é dicir entre o 26 xaneiro e o 10 de febreiro de 2026.

Para calquera outro trámite distinto da matrícula que dea dereito á exención ou bonificación o título que outorga o dereito debe estar vixente no momento da solicitude.

Para os efectos da vixencia, terase en conta as datas de efectividade que consten nos documentos achegados.

61.11. PRELACIÓN DAS EXENCIÓNS E REDUCIÓNS

As exencións, reducións, axudas e subvencións aplicaranse coa seguinte orde de prelación:

1º.- Exención por matrícula de honra; MH global en bacharelato ou ciclo formativo FP de grao superior; premio extraordinario de bacharelato ou ciclo formativo FP de grao superior; medalla de Olimpíada académica

2º.- Beneficios por Familia Numerosa Especial, Discapacidade, Vítimas de Actos Terroristas ou Violencia de xénero; beneficiarios da prestación do IMV.

3º.- Beneficios por Familia Numerosa Xeral.

4º.- Bolsas.

5º.- Axudas e subvencións da Universidade.

6º.- Bonificación do 99%.

61.12. INAPLICABILIDADE NAS TITULACIÓNS PROPIAS

Non será de aplicación ningún tipo de exención, redución ou subvención de prezos públicos ao estudantado que se matricule en titulacións propias da Universidade de Santiago de Compostela.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

62. RECADACIÓN DE IMPAGOS

62.1. NORMAS XERAIS

Segundo o establecido na Resolución reitoral do 20 de decembro de 2017 sobre o pagamento e recadación de impagos por matrícula, unha vez detectado que o estudantado non aboou os prezos correspondentes á matrícula nos prazos establecidos, iniciarase o procedemento de recadación de impagos que supón a perda de determinados dereitos por parte do estudantado, así como a posibilidade de suspensión da devandita matrícula e de iniciar o procedemento de recadación executiva.

O Servizo de Xestión Académica, a través das Unidades de Xestión Académica, será o responsable de xerar o procedemento informático correspondente e da emisión e envío á persoa interesada da reclamación correspondente.

As liquidacións impagadas devoltas polas entidades bancarias sen xustificación serán incluídas neste procedemento de recadación.

62.2. PROCEDEMENTO COMUNICACIÓN

Á PERSOA INTERESADA

Detectada a falta de pagamento, o Servizo de Xestión Académica a través da Unidade de Xestión, ou órgano encargado desta función, comunicará á persoa interesada que se vai proceder ao arquivo da matrícula en todas as materias, concedéndolle un prazo de 10 días hábiles para xustificar o pagamento ou causa de exención.

O impago dun prazo suporá a perda do dereito ao pagamento fraccionado e do dereito ao pagamento domiciliado no seu caso, debendo aboar o resto do importe da matrícula nun único prazo que se establecerá na notificación á persoa interesada.

RESOLUCIÓN DE SUSPENSIÓN DE MATRÍCULA

No caso de que, requirida a persoa para que proceda ao pagamento non xustifique a causa de exención, ou non aboe a débeda ditarase resolución reitoral de suspensión de matrícula. A resolución incluirá a advertencia de que a suspensión non liquida a débeda, manténdose esta, á que se engadirá a recarga executiva establecida na Lei Xeral Tributaria.

A resolución reitoral de suspensión de matrícula por reclamación de falta de pagamento que se notifique ao estudantado incluirá, ademais, a comunicación de que se iniciará o procedemento de vía de constrinximento e recadación executiva, e as seguintes medidas cautelares:

- Indicación de que todas as cualificacións, recoñecementos e anotacións no expediente que se produzan como consecuencia da matrícula non pagada serán "provisorias" ata o efectivo pagamento da matrícula, e así constará en calquera documento que expida a USC.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

- Imposibilidade de consulta do seu expediente nas Unidades de Xestión Académica e na Secretaría Virtual. Na Secretaría Virtual figurará "acceso denegado por impago da matrícula".

- Imposibilidade de expedición de certificacións e títulos, traslados de expediente, modificacións de matrícula ou novas matrículas, así como petición de renuncia ás convocatorias.

- No caso de que o procedemento de reclamación de débedas se inicie con posterioridade ao remate dos estudos quedará en suspenso a expedición de títulos ata o aboamento efectivo do pagamento das débedas pendentes.

NOTIFICACIÓN DE IMPAGOS

Todas as comunicacións axustaranse ao disposto no Regulamento de Notificacións Electrónicas Obrigatorias da USC e ao disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

62.3. VÍA DE CONSTRINXIMENTO E RECADACIÓN EXECUTIVA

Rematados os procedementos de reclamación de débedas sen que a persoa interesada xustifique o seu pagamento, o Servizo de Xestión Académica, a través da Unidade de Xestión correspondente, previa comprobación de que non existe ningún recurso administrativo pendente de resolución sobre os expedientes afectados, procederá a ditar a "Providencia de Constrinximento" indicando o importe da débeda non cobrada.

A devandita providencia, que non se notificará ás persoas interesadas, comunicarase á Xunta de Galicia a través da aplicación informática para os efectos de iniciar o procedemento de recadación executiva, acorde ao Convenio de 3 de maio de 2001 asinado entre a Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela. Na comunicación á Xunta indicarase unicamente a débeda principal sen gastos ou recargas.

A Xunta tramitará o procedemento de constrinximento e notificará ás persoas interesadas a resolución, indicando a recarga e xuros que procedan.

No caso de que no proceso de recadación executiva a persoa interesada presente petición de adiamento da débeda, será preceptivo o informe da USC antes da resolución da devandita petición. Estes informes serán emitidos polo Servizo de Xestión Académica.

62.4. RECURSOS

Contra a resolución reitoral de suspensión de matrícula por impago poderase presentar recurso potestativo de reposición diante do Reitor.

Contra as resolucións da Xunta de Galicia, notificando á persoa interesada a débeda e recarga que procedan, esta poderá presentar os recursos que procedan legalmente. A resolución destes recursos será competencia da USC. Da resolución dos recursos darase traslado á Xunta de Galicia.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

62.5. REACTIVACIÓN DA MATRÍCULA

A resolución de suspensión e arquivo de matrícula impedirá a reactivación da matrícula e do expediente, non podendo realizar matrículas ou modificacións posteriores. Malia o anterior, a resolución de impugnacións, recursos ou revisións de oficio poderá determinar a reactivación da matrícula por causas excepcionais ou por defectos no procedemento de reclamación de débedas, condicionada ao aboamento efectivo dos prezos establecidos e, no seu caso, coa recarga que proceda.

62.6. IMPAGO NOUTRAS ACTIVIDADES E SERVIZOS ACADÉMICOS

O disposto neste apartado sobre recadación de impagos é de aplicación aos prezos de matrícula fixados nos títulos propios da Universidade e aos servizos académico-administrativos que oferte. Ademais terá carácter subsidiario respecto aos procedementos de pagamento das actividades do Centro de Linguas Modernas (CLM) e calquera outra actividade con contido académico organizada por Centros e Departamentos da Universidade.

63. DEVOLUCIÓN DE PREZOS

Non procederá a devolución de prezos, salvo cando a persoa interesada acredite a concesión dalgunha exención establecida nesta convocatoria, nos casos de desistencia dentro dos prazos establecidos ou cando o motivo da anulación sexa imputable á Universidade. Poderase autorizar a devolución de prezos por anulación de matrícula nos casos nos que se aprecien circunstancias que o xustifiquen.

VII. OUTRAS DISPOSICIONS XERAIS

64. EXECUCIÓN E DESENVOLVEMENTO DA CONVOCATORIA

A programación e desenvolvemento normal das actividades docentes e o cumprimento dos prazos indicados nesta convocatoria, vinculan do mesmo xeito ao estudantado destinatario como á propia universidade, a través de todos os seus órganos.

Poderanse ditar as instrucións pertinentes para o correcto desenvolvemento e interpretación da presente convocatoria ou de calquera outro acordo ou resolución do réxime do estudantado.

65. CARTA DE SERVIZOS

O estudantado ten ao seu dispor unha carta de servizos académicos que pode ser consultada en https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/verAnuncioPublicable/32956/carga.htm

66. QUEIXAS

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Estará a dispor do estudantado a través da Secretaría Virtual da USC e da sede electrónica da USC o acceso á presentación de queixas e suxestións telemáticas. Así mesmo poderá presentarse a través da páxina web da Oficina de Análise de Reclamacións (https://www.usc.gal/gl/servizos/unidades/oficina-analise-reclamacions) cubrindo o formulario electrónico.

As queixas e suxestións tramitaranse de acordo co establecido na Resolución reitoral de 5 de decembro de 2005 pola que se aproba o procedemento para a tramitación de suxestións e queixas relativas á área académica da USC.

67. RESOLUCIÓN DAS RECLAMACIÓNS E RECURSOS

As reclamacións ou recursos interpostos polo estudantado desta universidade en asuntos relativos á matrícula resolveranse ao abeiro desta convocatoria e demais resolucións e acordos que regulen o réxime do estudantado, sen prexuízo das disposicións legais e regulamentarias que sexan de aplicación cando corresponda.

68. PROTECCIÓN DE DATOS

De conformidade co Regulamento UE 2016/679 e a Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos recollidos como consecuencia desta convocatoria incorporaranse ao tratamento da Universidade de Santiago de Compostela (USC) nº 1 denominado "Xestión Académica e Estudantado" aprobado pola Resolución reitoral do 24 de xuño de 2002 e modificado por Resolución reitoral 3 de setembro de 2010. A súa finalidade é a xestión dos procesos de acceso á universidade, de matrícula, continuación de estudos, traslados, xestión dos expedientes académicos do estudantado da universidade e dos seus egresados en todos os títulos oficiais e propios, así como a tramitación de reclamacións, recursos, queixas e suxestións, control económico de prezos, e todas as actividades que se inclúan na xestión académica administrativa.

Por outra banda, logo do recollido na Disposición adicional 52ª do Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, sobre a inclusión no sistema da Seguridade Social de estudantes que realicen prácticas formativas ou prácticas académicas externas incluídas en programas de formación, de conformidade no establecido no Decreto-lei 5/2023, de 28 de xuño, a USC, a través da plataforma de intermediación de datos correspondente poderá comprobar os Números de afiliación á Seguridade Social dos seus estudantes.

O responsable do devandito tratamento é a USC, cuxos datos de contacto son Praza do Obradoiro, s/n, 15782, Santiago de Compostela, mail:protecciondatos@usc.gal, teléfono 881811009.

O Delegado de Protección de Datos é Marcos Almeida Cerreda, dpd@usc.gal A base de xustificación deste tratamento é a prestación do servizo de educación superior (Lei Orgánica 2/2023 do Sistema Universitario e na Lei autonómica 6/2013, do Sistema Universitario de Galicia), así como, nos casos en que así se autorice, o consentimento expresado polas persoas interesadas.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Poderanse ceder datos a administracións públicas con competencias na materia, e nos supostos de obrigacións legais.

As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación de tratamento, oposición e portabilidade a través de Sede Electrónica en https://sede.usc.es/sede/publica/catalogo/procedemento/55/ver.htm.

Tamén poden dirixirse á Axencia Española de Protección de Datos para realizar a reclamación que consideren oportuna.

Os datos serán conservados durante o período no que se realice a finalidade para a que foron recollidos, ou o tempo necesario para cumprir coas obrigacións legais. Cumprida a finalidade, os datos que non formen parte da prestación do servizo público bloquearanse ata que transcorran os prazos de prescrición aplicables.

A política de privacidade e protección de datos da USC pódese consultar en https://www.usc.gal/gl/politica-privacidade-proteccion-datos.

69. ENTRADA EN VIGOR E EFECTOS

A presente convocatoria entrará en vigor na data de publicación no taboleiro electrónico oficial da USC, e terá efectos para a matrícula nas titulacións oficiais e titulacións propias para o curso 2025/26.

70. IMPUGNACIÓN DA CONVOCATORIA

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da data de publicación oficial no taboleiro electrónico, de conformidade cos artigos 46 e 8 da Lei da xurisdición contencioso administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

DISPOSICIÓN ADICIONAL.-

Todas as referencias a cargos e figuras (estudante, coordinador, etc.) enténdense xenericamente neutras e fan referencia tanto a mulleres como a homes.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA.-

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Á entrada en vigor da presente resolución quedan sen efecto as disposicións que se opoñan ao disposto nela.

Santiago de Compostela,

O Reitor,

Antonio López Díaz

ANEXO I. PRAZOS

- Os prazos para a inscrición e matrícula a través da Secretaría Virtual rematan ás 23 : 59 horas do último día do prazo. Os prazos de preinscrición e matrícula para iniciar estudos en titulacións de grao con límite de prazas axustaranse ao establecido nas respectivas convocatorias da CIUG.

- O horario para calquera trámite de forma presencial nas Unidades de Xestión Académica ou noutros servizos e unidades é de 9 a 14 horas. As referencias horarias son a hora peninsular española. As datas, salvo indicación expresa, refírense ao ano 2025.

- O estudantado que obteña praza con posterioridade ao remate dos prazos establecidos disporá dun prazo de 5 días dende a súa matrícula para solicitar desistencia de matrícula ou recoñecemento de estudos.

- O estudantado que solicitara en prazo o recoñecemento, e recibira a resolución rematado o prazo xeral, disporá dun prazo de 10 días para a modificación ou desistencia de matrícula.

A. ESTUDOS DE GRAO

INICIO DE ESTUDOS

ESTUDOS	CONVOCATORIA	DATAS	
TITULACIÓNS DE GRAO CON LÍMITE DE PRAZAS (prazos de matrícula fixados pola CIUG)	Primeira	09 - 10 xullo	A1
	Segunda	15 - 16 xullo	A2
	Terceira	19 - 21 xullo	A3
	Cuarta (ordinaria e extraordinaria)	25 - 28 xullo	A4
	Quinta (ordinaria e extraordinaria)	30 - 31 xullo	A5
	Sexta (ordinaria e extraordinaria)	4 - 5 setembro	A6
	Convocatoria por vacantesNo caso de que	11 - 12 setembro	A7
		25 - 26 setembro	A8

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

	se produzan vacantes en titulacións xa pechadas convocarase ao estudantado que lle corresponda, aínda que xa estean matriculados noutra titulación, para matricularse nos prazos de matrícula ordinarios ou nas convocatorias específicas.	11 - 13 outubro	A9
(Prazo fixado pola USC)	Matrícula en titulacións con prazas vacantes (persoas ás que non lles foi concedida praza ou que non a solicitaron; matrícula presencial)	11 setembro – 15 outubro	A10

CONTINUACIÓN DE ESTUDOS

INICIADOS NA USC	Prazo Xeral(dende que o estudantado coñeza todas as cualificacións)		1 xullo – 10 setembro(agás agosto para a matrícula presencial prevista na convocatoria)	A11
	Estudantado do Grao en Xestión de Empresas Hostaleiras		23 - 24 setembro	A12
	Estudantado NON matriculado período anterior		26 xaneiro – 2 febreiro 2026	A13
	Adaptación desde plans extinguidos	1º semestre	1 xullo – 10 setembro	A14
		2º semestre	3 – 10 febreiro 2026	A15
	Cambio de Centro	1º semestre	1 xullo – 10 setembro	A16
		2º semestre	26 xaneiro – 2 febreiro 2026	A17
	Matrícula tras convocatoria TFG de setembro		29 setembro – 13 outubro	A18
	Admisión en Tit. sen cota para traslados		Convocatoria específica	A19
	Admisión en Tit. con cota para traslados		Convocatoria específica	A20

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

ESTUDOS IADOSNOUTRA UNIVERSIDADE	Matrícula admitidos en Tit con cota			Convocatoria específica	A21
	2ª Convocatoria matrícula admitidos en Tít con cota			Convocatoria específica	A22
	Cambio universidade titulación conxunta de grao en Intelixencia Artificial			Prazo establecido para traslados con cota	A23
	Validación parcial de estudos estranxeiros	Admisión	Inicio estudos curso 2025/26 (vacantes febreiro 2025)	14 - 24 xullo	A23
			Inicio estudos curso 2026/27	2 - 27 febreiro 2026	A24
		Matrícula	Admitidos febreiro 2025	1 xullo - 18 xullo	A25
			Vacantes con listaxe de agarda	Chamamento individual	A26
			Admitidos xullo 2025	Segundo Resolución de Admisión	A27

B. MÁSTER OFICIAL

INICIO DE ESTUDOS			
OS XERAISMásteresCRITERIOS ESPECÍFICOS	Solicitude de praza	23 xuño - 16 xullo	B1
	Publicación adxudicación prazas	29 xullo	B2
	1º convocatoria matrícula admitidos	30 xullo - 1 agosto	B3
	2º conv. Matrícula con lista de agarda	5 - 6 agosto	B4
	3º conv. Matrícula con lista de agarda	8 - 11 agosto	B5
	Matrícula en vacantes [1](Máster sen listaxe de agarda)	21 agosto – 12 setembro	B6
	Matrícula en vacantes(Máster con listaxe de agarda)	Chamamento individual	B7
	Ampliación prazo matrícula vacantes [1,2]	19 – 30 setembro	B8
	Solicitude de praza	23 xuño - 16 xullo	B9

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Máster en Formación do Profesoradode ESO e Bacharelato, FP e E. de Idiomas	Publicación listaxes admitidos	29 xullo	B10
	1º convocatoria Matrícula admitidos	30 xullo - 1 agosto	B11
	2º conv. Matrícula con lista de agarda	5 - 6 agosto	B12
	3º conv. Matrícula con lista de agarda	8 – 11 agosto	B13
	Matrícula vacantes [1](Máster sen listaxes de agarda)	21 agosto – 12 setembro	B14
	Matrícula vacantes [1,2](Máster con listaxes de agarda)	Chamamento individual	B15
	Ampliación prazo matrícula vacantes [1,2](con ou sen listaxe de agarda)	19 setembro – 30 setembro	B16
PRAZAS RESERVADAS SETEMBRO[1](Só para másteres que estableceron esta reserva)		26 – 30 setembro	B17
Matrícula Condicionada		2 - 3 outubro	B18
Autorización dos coordinadores para matrícula de vacantes 2º semestre		Antes do 31 de decembro	B19
Matrícula 2º semestre [1] (máster con vacantes e a petición do coordinador; matrícula por orde de inscrición só materias do 2º semestre)		26 xaneiro – 2 febreiro 2026	B20
Estudantado con estudos alleos ao EEES que desexen iniciar estudos nos Máster con cota de praza para este colectivo no curso 2026/2		Segundo Convocatoria	B21

[1] Estes prazos de matrícula e de matrícula en vacantes comezan as 10 horas do día de inicio.

[2] Naqueles másteres nos que existan vacantes, a petición do coordinador do Máster, poderase ampliar o prazo de matrícula ata o día 30 de setembro.

CONTINUACIÓN DE ESTUDOS DE MÁSTER		
Matrícula para a continuación de estudos	1 xullo – 10 setembro	B22
Continuación de estudos tras a convocatoria do TFM de setembro	29 setembro – 13 outubro	B23
Estudantado non matriculado no período anterior	26 xaneiro – 2 febreiro 2026	B24

C. CURSOS COMPLEMENTARIOS (CURSOS PONTE)

icitudes de admisión	1 - 31 xullo	C1
	2– 4	

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

	1º convocatoria matrícula admitidos	setembro	C2
	2º convocatoria matrícula admitidos	10 - 12 setembro	C3
	Matrícula vacantes con listaxe de agarda	Chamamento individual	C4
	Matrícula prazas vacantes	17 - 30 setembro	C5
	Continuación de estudos	Segundo calendario de grao	C6
Curso ostaleiras(Só	Solicitude de admisión para estudantes que rematen o título propio no 2025)	8 – 12 xaneiro 2026	C7
	Matrícula	16 – 20 xaneiro 2026 (posterior matrícula no cen	C8

D. PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO

de admisión	1º período	1– 8 setembro	D1
	Publicación relacións provisorias 1º p	19 setembro	D2
	Reclamación relacións provisorias 1º p	20 – 23 setembro	D3
	Publicación relacións definitivas 1º p	30 setembro	D4
	1º período de matrícula	1 – 7 outubro	D5
	Solicitude de admisión 2º período	3 xaneiro - 5 febreiro 2026	D6
	Publicación relacións provisorias 2º p	13 febreiro 2026	D7
	Reclamación relacións provisorias 2º p	14 – 17 febreiro 2026	D8
	Publicación relacións definitivas 2º p	24 febreiro 2026	D9
	2º período de matrícula	25 – 27 febreiro 2026	D10
	Continuación de estudos	1 setembro – 10 outubro	D11

E. CAMBIOS DE MATRÍCULA E RECOÑECEMENTOS GRAO, C. COMPLEMENTARIOS, MÁSTER e DOUTORAMENTO

SOS PONTE, MÁSTER			

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

		Cambio ou modificación da matrícula e desistencia		11 - 22 setembro	E1
MODIFICACIÓNS E DESISTENCIA DE MATRÍCULA	Desistencia total (a nulación total da matrícula)		Ata o 22 setembro	E2	
	Modificación de matrícula para materias do 2º semestre		3 - 10 febreiro 2026	E3	
DE CRÉDITOS E ADAPTACIÓNS		Prazo xeral		23 xuño - 22 setembro	E4
		2º semestre		3 - 10 febreiro 2026	E5
	DESISTENCIA DE MATRÍCULA	Estudantado de inicio 1º período e continuación		Ata o 31 outubro	E6
		Estudantado do 2º p. matrícula		Ata o 20 de marzo de 2026	E7
UTORAMENTO		CAMBIO DA MODALIDADE DE DEDICACIÓN		Nos períodos ordinarios de matrícula	E8
		BAIXAS TEMPORALES		Durante o curso	E9
		RECOÑECEMENTO DE ESTUDOS PREVIOS		No prazo de matrícula	E10
O E FORMACIÓN CONTINUA		DESISTENCIA DE MATRÍCULA		Ata 5 días hábiles posteriores ao peche da matrícula	E11

F. TITULACIÓNS PROPIAS E IV CICLO

POSGRAO PROPIO E FORMACIÓN CONTINUA	Prazo de matrícula	Segundo a convocatoria concreta	F1
C.A. ESPECIALIZACIÓN ORQUESTRAL (*) Solicitude de inscrición	Ata o 16 de xuño	F2	
	Probas	Nas datas fixadas polo Centro no mes de xullo	F3
	Matrícula	Nas datas fixadas polo Centro no mes de xullo	F4
IV CICLO	Matrícula IV Ciclo e Diploma Excelsor	23 xuño – 18 xullo	F5
	Matrícula extraordinaria (só estudantado de 1ª matrícula)	8 – 12 setembro	F6
	Modificación 1º semestre	29 setembro – 10 outubro	F7
	Desistencia de matrícula	Ata o 10 outubro	F8
	Modificación matrícula 2º semestre	2 – 13 febreiro de 2026	F9

(*) Prazos establecidos polos centros nas súas convocatorias específicas.

G. CALENDARIO DOUTROS ESTUDOS E ACTOS ACADÉMICOS

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

PARA A HOMOLOGACIÓN DOS TÍTULOS ESTRANXEIROS				
	Cursos Prácticas	Proxecto ou Traballo	Probas Aptitude	1 xullo – 10 setembro(as solicitudes fora de prazo precisarán informe do Centro)*No caso de Odontoloxía, a solicitude de matrícula realizarase no prazo que se reflicta na súa convocatoria específica, no caso de que se oferten prazas.	G1
IAL EXTRAORDINARIO	Grao		Solicitude 1º semestre	15 – 26 setembro	G2
			Solicitude 2º semestre	6 – 20 febreiro 2026	G3
O PREMIO EXTRAORDINARIO	Doutoramento			Segundo a convocatoria do centro	G4
RESO AO MÁSTER DE PSICOLOXÍA XERAL SANITARIA	Solicitude admisión			1 xullo – 10 setembro	G5
L SANITARIA PARA TITULADOS POR SISTEMAS EDUCATIVOS ESTRANXEIROS	Solicitude de acreditación			1 setembro – 31 decembro	G6

H. CALENDARIO DE EXAMES, RENUNCIA ÁS CONVOCATORIAS E XESTIÓN DE ACTAS

GRAO E MÁSTER		Docencia	8 setembro – 19 decembro	H1
Período de exames	1º Semestre	Cada centro no período de actas	H2	
Renuncia á convocatoria		10 novembro – 2 de decembro	H3	
Período apertura actas		15 decembro - 5 febreiro 2026	H4	
Defensa TFG/ TFM		26 xaneiro – 20 febreiro 2026	H5	
Período apertura actas TFG/TFM		29 xaneiro – 27 febreiro 2026	H6	
Renuncia defensa TFG /TFM		Só e preciso renunciar na 2º oportunidade	H7	
2º Semestre	Docencia	27 xaneiro – 15 maio 2026	H8	
	Período de exames	Cada centro no período de actas	H9	
	Renuncia á convocatoria (Materias 2º semestre e anuais)	6 – 27 abril 2026	H10	
	Período apertura actas	11 maio – 17 xuño 2026	H11	
	Defensa TFG/TFM	18 xuño – 17 xullo 2026	H12	
	Período apertura actas TFG/TFM	18 xuño - 27 xullo 2026	H13	
	Renuncia defensa TFG /TFM	22 maio – 11 xuño 2026	H14	
2ª Oportunidade	Período apertura actas 1º semestre	11 maio – 22 xullo 2026	H15	
	Período apertura actas 2º semestre	18 xuño – 22 xullo 2026	H16	

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Setembro	Entrega TFG/ TFM	Ata 29 xullo ou 9 setembro 2026, segundo determinen os centros	H17
	Defensa TFG /TFM	2 - 18 setembro 2026	H18
	Período apertura TFG /TFM	7 – 25 setembro 2026	H19
	Renuncia defensa TFG /TFM	17 - 27 xullo 2026	H20
ACTAS CONSOLIDADAS	Período actas consolidadas	30 setembro – 9 outubro 2026	H21
ACTAS PRÁCTICAS EXTERNAS	Data límite entrega actas	9 outubro 2026	H22
CONVOCATORIA FIN DE CARREIRA	Inscrición	Coa matrícula ordinaria ou no prazo de modificación ata o 22 setembro	H23
	Exames	Datas previstas para o 1º semestre	H24
	Entrega actas exames	Datas previstas para o 1º semestre	H25

ANEXO II. DOCUMENTACIÓN NECESARIA DE MATRÍCULA

Cando os documentos necesarios para acreditar os requisitos poidan ser obtidos pola universidade a través de plataformas de intermediación de datos ou servizos electrónicos habilitados para este efecto e sempre que o estudantado non se opoña ao seu tratamento, non será necesario que o estudante presente estes documentos.

Agás nos casos de que a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos estea en poder da Administración, no caso de que o estudantado se opoña ao tratamento destes datos, ou no caso de que estes non se poidan obter a través das plataformas de intermediación, os documentos necesarios para a matrícula deberán presentarse ou anexarse dixitalmente na súa secretaría virtual no momento da súa formalización ou no prazo de 10 días a contar desde o día seguinte ao da realización desta.

No caso de que por problemas técnicos non se poida obter a información nas plataformas de intermediación de datos ou servizos electrónicos habilitados para este efecto, o alumno deberá presentar o documento no prazo requirido para este efecto.

1.- COMÚN PARA TODO O ESTUDANTADO

- Solicitude de matrícula que, en xeral, será electrónica a través da Secretaría Virtual debendo a persoa interesada facilitar todos os datos que lle require o sistema.

A petición asinada polo estudantado implica que declara aceptar as bases da convocatoria, que todos os datos que se incorporaron se axustan á realidade, que autoriza á USC a obter, a

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

través das Administracións correspondentes, a información necesaria para a tramitación da súa solicitude, agás oposición expresa, e que manifesta a súa conformidade a recibir notificacións electrónicas.

-Documentación acreditativa das exencións ou reducións de prezos segundo se detalla no apartado 5.

-De non constar no seu expediente da USC (estudantado que inicia estudos, que procede doutras universidades, etc.) ademais :

- Fotocopia do documento nacional de identidade (ou documento de identificación para estranxeiros) e/ou pasaporte. O documento de identificación para estranxeiros deberá presentarse no momento da súa expedición no caso de que non se presente xunto co pasaporte, ambos son necesarios. No caso de estudantes que realicen prácticas, deben achegar o seu NUSS. A falta de aportación impedirá a realización de ditas prácticas, salvo que teña autorizado previamente á USC para a súa consulta. No suposto de que os estudantes estranxeiros realicen ditas prácticas, de acordo co disposto no documento Criterio interpretativo 3/2024 de la DGOSS en el que refunde su criterio 11/2023, de 5 de julio, y sus sucesivas ampliaciones sobre aplicación de la Disposición adicional quincuagésima segunda del texto refundido de la LGSS (https : //www.seg- social.es/wps/portal/wss/internet /HerramientasWeb/9083f0b1-1cf1-411e-b483-7551440fa1a7/031ae46d-6f24-40cc-b0e7-bbd72260e962), deben solicitar o seu NIE con anterioridade á realización das prácticas, así como facilitar o seu NUSS.

- Título ou proba que habilite á persoa para cursar os estudos de grao, máster ou doutoramento, ou o título propio concreto segundo corresponda. Estes documentos especifícanse nos Anexos III e IV.

No caso de que este sexa a Certificación das Probas de Acceso á Universidade, non será necesario se foron superadas no Sistema Universitario de Galicia (SUG) e obra xa en poder da Universidade.

2.- MATRÍCULA EN ESTUDOS DE GRAO

Estudantado que inicie estudos e superara as probas de acceso en cursos anteriores : O estudantado que inicie estudos nun Centro e superara as probas de acceso á Universidade (ou titulación equivalente) en cursos anteriores, ademais de presentar a documentación que acredite o acceso (se non está en poder da universidade ou no caso de que o estudantado se opoña ao tratamento destes datos ou estes non se poidan obter a través das plataformas de intermediación), debe presentar certificación académica persoal dos estudos universitarios realizados anteriormente e/ou, de ser o caso, declaración xurada de non terse matriculado anteriormente noutra titulación universitaria.

O estudantado que superou as Probas de Acceso para maiores de 25, de 40 ou de 45 anos, deberá declarar non posuír outra titulación de acceso.

Estudantado admitido para continuar estudos procedentes doutras universidades :

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Ademais da documentación esixida para a admisión :

a) Resgardo de que se aboaron os dereitos de traslado de expediente, cando proceda.

b) No caso de continuación de estudos xa iniciados noutra ou noutras universidades presentarán, se non o fixeron no momento da solicitude de admisión, certificación académica orixinal ou fotocopia compulsada dos estudos de orixe.

Naqueles supostos nos que se esixa a homologación de calquera título, diploma ou estudo obtido ou realizado en sistemas educativos estranxeiros para o acceso á universidade admitirase con carácter condicional ao que acredite ter presentado a correspondente solicitude de homologación mentres se resolve o proceso para a devandita homologación.

Non obstante as persoas solicitantes que desexen acceder pola cota de titulados e posúan unha titulación universitaria obtida ou realizada en sistemas educativos estranxeiros, deberán ter o título homologado ou a declaración de equivalencia a titulación ou nivel académico, en caso contrario deberán solicitar a admisión pola vía do artigo 45 do Real decreto 534/2024.

3.- MATRÍCULA EN TITULACIÓNS DE MÁSTER UNIVERSITARIO OFICIAL

O estudantado procedente doutras universidades deberá remitir unha certificación académica completa dos estudos cursados que lle dean acceso á titulación solicitada.

Esta certificación deberá conter a seguinte información :

- Materias e cualificacións correspondentes a cada unha delas coa nota media final dos seus estudos.

- Constancia da superación dos estudos que dan acceso ao máster.

O estudantado que acceda con estudos estranxeiros de acceso de países pertencentes ao EEES ou alleos a este debe presentar a declaración de equivalencia da nota media do seu expediente que se obtén a través do Servizo que ten activo o Ministerio con competencias en educación no seguinte enderezo:

https: //universidades.sede.gob.es/pagina/index/directorio/Equivalencia_notas_medias

Para os efectos de ingreso nos másteres da USC, o estudantado procedente de sistemas educativos do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) non terá que homologar o seu título de acceso e só deberá acreditar que o seu título dá acceso aos estudos de máster no seu país de orixe, para o que deberá achegar, ademais, o Suplemento Europeo ao Título.

O resto do estudantado con estudos estranxeiros deberá estar en posesión dun título homologado ou declarado equivalente polo Ministerio ou solicitar na Universidade o recoñecemento dos seus estudos para os efectos de ingreso en titulacións de máster.

4.- MATRÍCULA NO DOUTORAMENTO

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Estudantado con títulos expedidos noutros países

Cando o título que lle dá acceso ao doutoramento fose obtido no estranxeiro, o estudantado deberá entregar algún dos seguintes documentos (agás cando realice a matrícula por estadía de investigación) :

- Resolución do Ministerio concedéndolle a homologación do seu título ou a declaración de equivalencia.

- Resolución da USC concedéndolle o recoñecemento do seu nivel de estudos (admisión previa).

En caso de non estar en posesión dalgún destes documentos, deberá presentar xustificante de ter solicitado ben a homologación ou a equivalencia ou ben o recoñecemento. Neste suposto a matrícula quedará condicionada á concesión positiva, que deberá acreditar dentro do curso académico.

O estudantado procedente de sistemas educativos do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) non terá que homologar ou solicitar a equivalencia se acredita que o seu título dá acceso aos estudos de doutoramento no seu país de orixe, para o que deberá achegar ademais do título de Grao e Máster obtidos no EEES o Suplemento Europeo ao Título que indica o acceso ao nivel de doutoramento.

5.- ACREDITACIÓN DE RESIDENCIA

A efectos do disposto nesta convocatoria teñen a condición de residentes exclusivamente :

- Os que ostenten a nacionalidade española ou de calquera país membro da UE

- Os que adquiran a condición por razón de parentesco ou relación laboral

En relación co recoñecemento da condición de residente do estudantado de nacionalidade estranxeira, esta quedará acreditada pola presentación da Tarxeta de Identificación de Estranxeiros (TIE).

O estudantado nacional de países da Unión Europea non precisa acreditar a condición de residente a efectos da determinación dos prezos de matrícula xa que é, en todo caso, considerado como non estranxeiro.

Non obstante, se algunha persoa estranxeira presenta outra documentación distinta por non poder presentar a TIE solicitarase informe do SXA para aceptar a devandita documentación.

6.- DOCUMENTOS ACREDITATIVOS DA GRATUIDADE, EXENCIÓN, BONIFICACIÓN OU REDUCIÓN DOS PREZOS DA MATRÍCULA.

Salvo que se dean as condicións establecidas ao principio deste Anexo, para acreditar o beneficio da gratuidade, exención, bonificación ou redución de taxas e/ou prezos públicos por servizos académicos, deberanse presentar, segundo o caso, algún dos seguintes documentos :

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

a) As persoas beneficiarias do réxime de protección ás familias numerosas de categorías xeral e especial : FOTOCOPIA COMPULSADA DO TÍTULO DE BENEFICIARIO OU DO CARNÉ FAMILIAR DO BENEFICIARIO, só no caso de que non o entregaran anteriormente, ou cando estivese caducado nas datas da matrícula, e non tivesen entregado copia da renovación actualizada. Cando corresponda, de ser necesario, deberá presentarse o documento orixinal do que debe deixar constancia o funcionario.

No caso de que esta documentación figure actualizada no expediente do estudantado non será necesario entregala.

Así mesmo, se no prazo ordinario de matrícula do primeiro semestre solicitara a renovación, deberá presentar no momento da matrícula o xustificante de ter presentado esta solicitude. O título renovado terá que presentarse antes do 31 de decembro do mesmo ano e, en caso de non facelo, anularanse os beneficios concedidos e procederase a reclamar o pagamento do importe total da matrícula. O mesmo suposto será de aplicación ao de nacionalidade marroquí que formalizara a matrícula co documento que acredite a solicitude da certificación de familia numerosa expedida pola Embaixada de Marrocos en Madrid.

b) As persoas beneficiarias de axudas ao estudo diferentes ás da convocatoria xeral do Ministerio, documento que acredite que se lle concedeu tal axuda para o curso académico actual, ou de non telo, con carácter provisional, presentación do resgardo de solicitude da axuda sempre que a convocatoria pola que se concede a bolsa estableza a posterior compensación de prezos á Universidade. A persoa interesada deberá acreditar a compensación de prezos á Universidade de Santiago de Compostela por parte do organismo convocante.

Cando corresponda a aqueles aos que se lles denegue a axuda deben aboar o importe da matrícula aínda que comezasen ou comecen o trámite das reclamacións pertinentes.

c) Ás persoas que obtivesen a cualificación de Matrícula de Honra nalgunha materia non se lles esixirá documentación ningunha se cursaron os estudos na USC, debéndose constatar nas actas ou no expediente dos estudantes. No caso de que se obtivera a cualificación noutra universidade e se estableza a posibilidade de exención destes casos no Decreto de prezos, o estudantado que cumpra os requisitos establecidos deberá solicitalo expresamente e presentar certificación académica que acredite tal circunstancia.

d) Para o estudantado que obtivese Matrícula de Honra en COU, no segundo curso de bacharelato ou con premio extraordinario en bacharelato, o estudantado que obtivera matrícula de honra ou premio extraordinario no ciclo superior de formación profesional, así como o estudantado que obtivera medalla en olímpiadas académicas acreditadas de ámbito nacional ou internacional, a certificación do centro ou do organismo competente en tal sentido.

e) Respecto doutras exencións legalmente establecidas, deberá presentar os seguintes documentos :

- Discapacidade.- Documento acreditativo, expedido pola autoridade competente, do grao de discapacidade (igual ou superior ao 33%).

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

- Vítimas de actos terroristas.- Documento acreditativo, de conformidade co disposto no artigo 4 bis, apartado 3, da Lei 32/1999, do 8 de outubro, de solidariedade coas vítimas do terrorismo.

- Violencia de xénero.- Poderá acreditarse con calquera dos seguintes documentos :

a) Certificación da orde de protección ou da medida cautelar, ou testemuño ou copia autenticada polo secretario xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar.

b) Sentenza de calquera orde xurisdicional, que declare que a muller sufriu violencia de xénero

c) Certificación e/ou informe dos Servizos Sociais e/ou Sanitarios da Administración Pública Autonómica ou Local.

d) Certificación dos Servizos de Acollida da Administración Pública Autonómica ou Local.

e) Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia.

f) Informe da Inspección de Traballo e Seguridade Social.

g) Calquera outro que se estableza regulamentariamente.

- Ingreso mínimo vital.- Se a persoa beneficiaria non se opón a o seu tratamento, a Universidade poderá obter este dato a través de plataformas de intermediación ou servizo electrónico habilitado para este efecto . No caso contrario, deberá presentar un documento acreditativo da concesión expedido polo INSS.

f) Bonificación do 99% no caso de matrícula de estudos de grao : atenderase ao establecido no decreto de prezos públicos autonómicos para o curso 2025-26.

Os documentos que se deberán achegar para a aplicación das exencións, reducións ou subvencións de prezos públicos deberán estar en vigor no período ordinario de matrícula.

A estes efectos, entenderase por período ordinario de matrícula o prazo entre o 1 de xullo e o 15 de outubro de 2025.

Se a nova matrícula de inicio se formaliza no segundo semestre, os documentos para a aplicación das exencións, reducións ou subvencións deberán estar en vigor no prazo correspondente do segundo semestre, é dicir entre o 30 de xaneiro e o 10 de febreiro de 2026.

Para calquera outro trámite distinto da matrícula que dea dereito á exención ou bonificación o título que outorga o dereito debe estar vixente no momento da solicitude.

Para os efectos da vixencia, terase en conta as datas de efectividade que consten nos documentos achegados.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

ANEXO III. TÍTULOS E PROBAS QUE HABILITAN PARA O ACCESO

A documentación relacionada nos seguintes apartados será considerada documentación esencial polo que deberá achegarse no momento de formalizar a matrícula. A non acreditación implicará a anulación de matrícula nos estudos que correspondan sen dereito á devolución de prezos públicos.

1. ENSINANZAS DE GRAO

Acorde ao Real decreto 534/2024 poderá acceder para iniciar estudos universitarios oficiais de Grao quen reúna algún dos seguintes requisitos :

a) Estudantes en posesión do título de Bacharel do Sistema Educativo Español ou equivalente e superen a proba de acceso á universidade.

b) Estudantes en posesión do título de Bacharelato Europeo ou do diploma de Bacharelato internacional.

c) Estudantes en posesión de títulos, diplomas ou estudos de Bacharelato ou Bacharel procedentes de sistemas educativos de Estados membros da Unión Europea ou doutros Estados cos que se subscribiron acordos internacionais aplicables a este respecto, en réxime de reciprocidade.

d) Estudantes en posesión de títulos, diplomas ou estudos homologados ao título de Bacharel do Sistema Educativo Español, obtidos ou realizados en sistemas educativos de Estados que non sexan membros da Unión Europea cos que non se subscribiron acordos internacionais para o recoñecemento do título de Bacharel en réxime de reciprocidade.

e) Estudantes en posesión dos títulos oficiais de Técnico Superior de Formación Profesional, de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño ou de Técnico Deportivo Superior pertencente ao Sistema Educativo Español, ou de títulos, diplomas ou estudos declarados equivalentes ou homologados a devanditos títulos.

f) Estudantes en posesión de títulos, diplomas ou estudos, diferentes dos equivalentes aos títulos de Bacharel, Técnica/o Superior de Formación Profesional, Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño, ou de Técnico Deportivo Superior do Sistema Educativo Español, obtidos ou realizados nun Estado membro da Unión Europea ou noutros

Estados cos que se subscribiron acordos internacionais aplicables a este respecto, en réxime de reciprocidade, cando este cumpra os requisitos académicos esixidos en devandito Estado membro para acceder ás súas Universidades.

g) Persoas maiores de vinte e cinco anos que superen a proba de acceso establecida.

h) Persoas maiores de corenta anos con experiencia laboral ou profesional en relación cun ensino.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

i) Persoas maiores de corenta e cinco anos que superen a proba de acceso establecida no real decreto.

j) Persoas en posesión dun título universitario oficial de Grao, Máster universitario ou título equivalente.

k) Persoas en posesión dun título universitario oficial de Diplomado universitario, Arquitecto Técnico, Enxeñeiro Técnico, Licenciado, Arquitecto, Enxeñeiro, correspondentes á anterior ordenación das ensinanzas universitarias ou título equivalente.

l) Estudantes que cursaran estudos universitarios parciais estranxeiros ou españois, ou que tendo finalizado os estudos universitarios estranxeiros non obtiveran a súa homologación en España e desexen continuar estudos nunha universidade española. Neste suposto, será requisito indispensable que a universidade correspondente lles recoñecera alomenos 30 créditos ECTS.

m) Persoas que estivesen en condicións de acceder á universidade segundo ordenacións do Sistema Educativo Español anteriores á Ley Orgánica 3/2020, de 29 de diciembre.

Naqueles supostos nos que se esixa a homologación ou declaración de equivalencia de calquera título, diploma ou estudo obtido ou realizado en sistemas educativos estranxeiros para o acceso á universidade admitirase con carácter condicional ao que acredite ter presentado a correspondente solicitude da homologación en canto se resolve o procedemento para dita homologación, coa excepción do estudantado que desexe acceder pola cota de persoas tituladas e posúan unha titulación universitaria obtida ou realizada en sistemas educativos estranxeiros : neste caso ten que ter o título homologado ou declarado equivalente, en caso contrario deberán solicitar a admisión pola vía do artigo 45 do RD 534/2024.

A continuación relaciónanse os títulos e probas que desenvolven algúns dos epígrafes citados do Real Decreto 534/2024 e que na práctica e para o curso 2025/2026 permiten iniciar estudos de grao :

• Probas de acceso á Universidade.- Documento con CSV ou fotocopia compulsada da tarxeta na que figure telas superado e a cualificación definitiva ou acreditalo acorde se recolle no Anexo II.

• Credencial expedida pola UNED para o estudantado procedente de sistemas educativos de países membros da Unión Europea ou cos que exista convenio bilateral, e tamén para o estudantado en posesión do título de Bacharelato Europeo ou que obtivera o Diploma de Bacharelato Internacional. Tamén deberán presentar, de ser o caso, documento acreditativo das cualificacións das materias da Parte Específica da PAU.

• Estudantado en posesión de títulos, diplomas ou estudos homologados ao título de Bacharelato do Sistema Educativo Español :

• Credencial de homologación de título, diploma ou estudo equivalente ao título de Bacharelato ou, no seu defecto, copia da solicitude de homologación.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

• De ser o caso, documento acreditativo das cualificacións das materias da Parte Específica da PAU.

• PROGRAMAS DE ESTUDOS ANTERIORES Á LOXSE

a) Bachareis xerais e técnicos superiores de programas de estudos de 1934 e 1938. Fotocopia compulsada do título

b) Estudantado do curso preuniversitario : fotocopia compulsada da dilixencia do Libro Escolar de ter superadas as probas de madurez do devandito curso.

c) Bachareis técnicos superiores : Resgardo de ter solicitado a certificación de que superou o exame de madurez.

d) Estudantado do Curso de Orientación Universitaria (COU), posteriores ao curso 1974-75. Fotocopia da dilixencia do Libro Escolar na que conste que ten superadas as probas de aptitude para o acceso ás facultades, escolas técnicas superiores e colexios universitarios.

e) Estudantado do Curso de Orientación Universitaria anteriores ao curso 1974-75 : fotocopia da dilixencia do Libro Escolar na que conste que se alcanzou avaliación global positiva no COU.

Todo o estudantado citado deberá, ademais, presentar resgardo de ter aboado os dereitos para a expedición do título de Bacharel.

• Titulados universitarios (graduados, licenciados, enxeñeiros, arquitectos, diplomados, mestres, arquitectas/os técnicas/os ou enxeñeiras/os técnicas/os). Fotocopia do título debidamente compulsada ou, no seu defecto, documento acreditativo de ter aboado os dereitos para a súa expedición.

• Graduados sociais diplomados. Fotocopias compulsadas do título ou resgardo de ter aboados os dereitos para a súa expedición.

• Mestres de ensino primario. Os do plan de 1950 e anteriores, copia do título ao facer a inscrición nas facultades de Xeografía e Historia, Filoloxía e Filosofía e Ciencias da educación; para as outras facultades, ademais, o certificado de superar o exame de ingreso.

• Os do plan de 1967, teñen acceso a todas as facultades, deben presentar unha copia compulsada do título.

• Oficiais das Forzas Armadas. Certificación académica persoal que acredite que superaron os estudos regulares na academia xeral militar, ou especiais da armada : Escola Naval Militar e a Academia Xeral do Aire.

• Profesores mercantís. Fotocopia compulsada do título respectivo.

